

A VOZ EN ESPIRAL

DATOS PARA UNHA ANÁLISE DA PRIMEIRA DÉCADA (1991-2001) DE EDICIÓNS ESPIRAL MAIOR

Teresa Seara

No ano 2001 a editorial Espiral Maior cumpría a súa primeira década de vida e, celebrando este feito, xa de por si relevante, analízase o papel xogado por ela nestes anos, a súa consolidación no mercado, a traxectoria ascendente da súa oferta así como a acollida crítica da propia empresa e das obras por ela editadas. Malia a vinculación inicial exclusiva co xénero poético (do cal acada o meirande catálogo editorial da nosa historia literaria), a diversificación da súa oferta permite un percorrido polas distintas coleccións que foron vendo a luz co anagrama do selo e que, para unha maior clareza, se engloban cos epígrafes de poesía (“Poesía”, “A Illa Verde”, “Alba Longa”, “Auliga” e “Opera Omnia”), ensaio e estudio (“Ensaio”, “Didáctica”, “Novo Prelo”, “Historia e documentos”), “Narrativa” e outras coleccións (“Imaxes no tempo”, “Visual”, fóra de colección e edicións especiais). O artigo complétase co catálogo de obras publicadas entre 1991 e 2001 onde se percibe o avance dinámico na edición e o movemento ascendente dunha voz en espiral.

“Parecia que todos os campos quedaban cubertos no panorama editorial, cando a noticia facíase libro de man dun dos nosos máis importantes poetas de hoxe, o chairego Miguel Anxo Fernán Vello. Tomando o referente de Paul Klee (“A espiral é a forma máis pura do movemento”), a editora fai seu un nome que en palabras do seu fundador “fai referéncia no caso da *espiral* a un símbolo de importante tradición na nosa cultura e no de *maior* a un carácter de nocturnidade, movemento e transparencia.” (X. C. 1991: 17).

O 27 de maio de 1991 remataba de imprimirse en Gráficas Sementeira (Noia) *Metáfora da metáfora*, o primeiro volume que Edicións Espiral Maior daba ó prelo, dándose a circunstancia de que a obra, da autoría de María Xosé Queizán, foi tamén o poemario inicial desta autora. Aínda que, naquel momento, non era posible advertir a importancia deste feito, a aparición dunha editorial que se declaraba como un espacio reservado para a poesía non deixou de recibirse con sorpresa e así cualificativos como “singular experiencia” (X.C. 1991: 17), “xesto reconfortante” (Araguas 1992a: 21),

“aventura romántica” (Michelena 1993: 3), “pequena xoia editorial”(Estévez 1995: 53) ou “imprescindible reserva que toda cultura precisa para sobrevivir” (Vilavedra, Ogando e Cid 1997: 61) iranse sucedendo conforme os medios se fan eco da súa presenza e o selo desenvolve a súa actividade. Nese ano de 1991, Miguel Anxo Fernán-Vello, recoñecido poeta e dramaturgo, vai investir os beneficios que obtivera pola montaxe dunha das súas obras na creación dunha editorial onde a poesía for o xénero privilexiado. Así afirma que “Fundei *Espiral Maior* no 1991 investindo os cartos que me liquidara a Sociedade Xeral de Autores pola montaxe do Centro Dramático Galego da obra *A casa dos afogados*. A idea era criar unha colección de poesía aínda que despois se ampliase a outros xéneros. ... O mundo da edición é moi atractivo e, no meu caso, coerente coa miña ligazón ao mundo das letras” (Vidal 1999: 32).

Deste xeito, auspiciada polo lema de Paul Klee “A espiral é a forma máis pura do movemento” -que Soledad Michelena asocia á cultura castrexaⁱ-, vía a luz *Espiral Maior* tendo como domicilio social a Rúa Veramar, Bloque 2, Portal 2, 2º Esquerda, da Coruña, e quedando baixo a responsabilidade de Fernán-Vello todo o relacionado co libro, o seu deseño e mesmo a súa distribución (Michelena 1993: 3) polo territorio galego, Madrid, Barcelonaⁱⁱ e mesmo Portugal (Estévez 1995: 53). Un ano máis tarde, en 1992, súmase Carlos Díaz Martínez (Vidal 1999: 32) que se vai encargar do aspecto gráfico das distintas coleccións -así figura xa como autor do deseño desde o cuarto volume publicado polo selo: *Himno verde* (1992) de Bernardino Graña- e, ademais de producirse o cambio de domicilio da editorial á Rúa Martínez Salazar, 3, da Coruña, serán as Producións Culturais Artesa -empresa do propio Díaz- as que se ocupen agora da distribución. A relación profesional entre Fernán-Vello e Carlos Díaz extínguese en 1999 (García 1999: 34), quedando xa desde entón Fernán-Vello como único responsable da editora e situándose esta no seu emprazamento actual na Rúa Xeneral Sanjurjo, 148, 1º. Neste momento, renóvase tamén o aspecto estético das distintas coleccións que fica baixo a responsabilidade de Perfecto Estévez quen xa colaborara coa editorial maquetando as portadas para os primeiros volumes de narrativaⁱⁱⁱ. Este coidado polo deseño dos libros é un dos obxectivos ós que *Espiral Maior* prestará máis atención, pois, como resalta Michelena, “Las publicaciones de la editora se revisten de un soporte físico agradable, tanto al tacto como a la vista, y consiguen un diseño atractivo y de calidad. Cada uno de sus libros incorpora en la portada un dibujo de un pintor gallego y, en alguna ocasión, se decoran con fotografías” (Michelena 1993: 3).

Tendo en conta que a aposta de *Espiral Maior* consiste en facer libros orixinais onde se produza, a un tempo, unha interacción coa arte visual galega, non resulta estraño atopar como ilustradores das portadas a pintores xa consagrados (Laxeiro, Felipe Criado, Perfecto Estévez, Berta Cáccamo, Correa Corredoira ou Reimundo Patiño) a

carón doutras sinaturas menos coñecidas (Ana Pillado Vega, Anxos Romeo, Daniel Beiras, Fidel Vidal ou Cristo Aleister). Tamén a fotografía chega a formar parte das obras^{iv} e o interese por recuperar estampas doutras épocas fica patente na colección “Imaxes no tempo”. O gusto estético dos volumes ten sido loado pola crítica desde as súas orixes -“Os tres primeiros libros que a configuran a colección “Poesía” teñen en común a beleza exterior -o deseño, a maquetaxe, mesmo o papel presentan un cuidado extremo- e unha importante esixencia nos contidos” (Araguas 1992a: 21)- e cumpre á perfección o papel de individualizar os produtos de Espiral Maior entre o resto de obras publicadas, algo que o propio Carlos Díaz reclamaba nunha entrevista: “Tanto Miguel Anxo como yo damos mucha importancia a eso. Hemos pasado cinco o seis horas discutiendo una portada. Queremos hacer algo más original, romper un poco los esquemas. Nos preocupa que en cada uno de los volúmenes se pueda identificar la editorial” (C.A.M. e C.V.G.1995: 36).

Os comezos do selo na edición foron progresivos e así, no seu ano inaugural de 1991, só viron a luz tres poemarios -por esta orde, *Metáfora da metáfora* de María Xosé Queizán, *O lume branco* de Xosé María Álvarez Cáccamo e *Fendas* de Antonio Domínguez Rey- que foron saudados pola crítica como o primeiro chanzo dunha nova e necesaria vía, aberta á palabra dos poetas xusto nun momento en que estes tiñan bastantes dificultades para editar as súas obras (Araguas 1992a: 21). E así se valorou positivamente que, “Al esfuerzo de determinadas editoras gallegas -Sotelo Blanco y Galaxia sobre todo- que contra viento y marea mantienen colecciones de poesía, hay que añadir el ímpetu de aquellas manos particulares que van haciendo que el milagro poético no se hunda ante el desinterés y la apatía de los lectores hacia este género. Así, es de destacar la colección bautizada como Espiral Maior por sus promotores” (Araguas 1992b: 59).

Logo virán, xa no ano 1992, outros sete volumes: *Himno verde* de Bernardino Graña, *Ausencias pretéritas* de Miro Villar, *Poemas da luz e da loucura* de Henrique Rabunhal, a reedición do *Memorial de brancura* de Miguel Anxo Fernán-Vello, *Tempo de ría* de Xohana Torres, *Bandeiras neboentas* único libro de poemas de Reimundo Patiño -datado en 1959 e inédito ata entón- así como *Última fuxida a Harar*, obra póstuma de Antón Avilés de Taramancos. A partir de aquí, o avance no número de títulos seguirá unha progresión ascendente, ata o punto de que, por volta de 1994, cando a editora cumpre tres anos de existencia, xa se fala de “A colección de Poesía ‘Espiral Maior’, cada vez máis diversificada -antoloxías, reedicións, poetas maiores e novos...- e que leva camiño de converterse na máis importante das nosas letras” (Angueira 1994:147). O avance editorial que o selo experimenta é tan importante que, en 1995, Espiral Maior figura xa co posto número seis -por riba de selos históricos como Edicións do Castro- no *ranking* das vintecinco editoriais galegas que máis ISBN

solicitaron ó longo dese mesmo ano aínda que, tendo en conta os libros editados realmente, subiría ata o lugar número 5, representando o 5'3% da produción total de Galicia nesa xeira^v (Peña Sánchez de Rivera 1996:125). O dato é suficientemente revelador se temos en conta que as empresas situadas nos primeiros postos da lista inclúen un bo número de libros de texto entre as súas novidades mentres que Espiral Maior edita en 1995 vinteoito obras das que dezaioito son poemarios^{vi}. Polo tanto, a só catro anos da súa creación, o selo é xa unha referencia fundamental no noso sistema literario e así o recoñeceu a Federación de Libreiros de Galicia ó concederlle, precisamente en 1995, o V Premio Irmandade do Libro polo seu traballo a prol do libro galego.

Un ano despois, no 1996, a editora chegaba ós cen títulos -dos que 75 son obras poéticas- e representaba xa, con eses cinco anos de labor, un 17% da produción editorial galega (Verdugo Matêz 1998: 130-31), sendo o bienio que transcorre entre 1994-1996 o de consolidación do selo. O aumento nas cifras de edición posibilita que no 2001, xusto unha década despois de ser fundada, a súa colección emblemática e primeira, "Poesía", chegara ó volume número cen, converténdose no meirande catálogo editorial de poesía na nosa historia literaria como recoñecen Helena González -"Espiral Maior" e "Illa nova" sic por xunto dispoñen do fondo poético máis importante de toda a historia da literatura galega (hoxe en día, máis de cen títulos) e nel dan cabida a todo tipo de premios e poetas (desde algúns "maiores" como Luz Pozo, Bernardino Graña ou Salvador García-Bodaño a poetas noveis como Rafa Villar, Fran Alonso ou Emma Couceiro)"(González Fernández 1998: 653, nota 3)- e tamén Carlos Bernárdez: "Espiral Maior chega ao seu número 100 na colección de Espiral Maior Poesía, e iso é, xa de seu, un acontecemento salientable dentro do noso panorama cultural, no que esta colección é un fito indiscutible na historia da nosa moderna poesía e que, desde comezos da década dos noventa, ofreceu unha plataforma privilexiada a poetas de todas as xeracións e tendencias, incluídas as *novísimas* promocións xurdidas na pasada década" (Bernárdez 2001: 26).

Así pois, agora que Espiral Maior conta xa cunha década de vida, cómpre ir establecendo as bases preliminares para un estudio, posterior e máis exhaustivo, da súa relevancia nas nosas letras e, sobre todo, do feito de acadar, a día de hoxe, un fondo poético sen parangón -dada a súa amplitude de obras e autores- no resto de selos históricos que existiron ó longo do século XX. Así, de compararmos estes dez anos de traballo de Espiral Maior coas coleccións referenciais, tanto de preguerra como posteriores ó conflito bélico de 1936 (Nós, Benito Soto, Xistral^{vii}, Monterrey, Castrelos, etc.), observamos como, a respecto do volume de produción poética que ten acadado a editora coruñesa, estas non deixan de ser senón fitos anecdóticos^{viii}. Fitos que, buscando unha normalización progresiva do sistema editorial galego,

acabaron sendo fagocitados por múltiples causas entre as que non se poden obviar as circunstancias socio-políticas, a primacía que para elas terá -sobre calquera outro presuposto- o obxectivo de favorecer unha ideoloxía nacionalista con vocación de servizo á lingua e ó país e, sobre todo, o feito de non lograren constituír empresas sólidas fronte ó empuxe doutros selos foráneos. Como di María Dolores Cabrera a respecto destas iniciativas

“As máis delas, sobre todo das primeiras, xurdiron como consecuencia do compromiso ideolóxico-político de certos grupos ou individuos co país. Había moito de voluntarismo ou testemuñalismo naqueles empeños. Pero, segundo nos achegamos ós tempos actuais, comeza a observarse unha maior e necesaria profesionalización: a configuración de empresas de cultura que, aínda mantendo o seu espírito de servizo e o seu talante idealista orixinario, asumen cada vez máis conscientemente os novos retos da produción, do mercado e mesmo da competitividade (tamén fronte ó libro en castelán) na procura da necesaria rendabilidade que faga, cando menos, viables os seus respectivos proxectos.” (Cabrera 1993: 6-7).

Neste sentido, e coñecendo as frustradas experiencias previas, debemos congratularnos de que Espiral Maior teña resistido no seu labor editorial -máis difícil aínda por circunscribirse a un xénero, en principio, minoritario como é o poético- durante estes dez anos, cumprindo así co obxectivo primordial que o seu fundador, Miguel Anxo Fernán-Vello, explicitaba no momento da súa orixe e que non é outro que o de ser “unha plataforma para a publicación de poesía, sempre en cuidadas edicións e esmerado deseño, economicamente ao alcance de todos, máis cunha esixencia artística e literaria que permita ir ao encontro de novos lectores” (Anónimo 1991a: 59), ou, dito doutro modo, “Espiral Maior, *quere manter unha oferta continua e periódica, que o libro de poesía non sexa un libro aillado, que haxa unha oferta coherente*. Insiste Fernán-Vello en la vocación alternativa e independente de la edición, desprovista de cualquier filiación económica” (Michelena 1993: 3, cursiva no orixinal).

Por volta de 1991, é fundamental que Espiral Maior se propoña o encontro periódico e continuo cos lectores xa que, nos anos en que dá comezo a súa actividade editorial, eran manifestas as dificultades que os poetas tiñan para dar a coñecer as súas obras nun espazo “olvidado e agónico” (Michelena 1993: 3) dominado polo “negror” (Villar 1998b: 223). Neste ámbito, só a colección Leliadoura de Sotelo Blanco publicaba poemarios máis ou menos regularmente -cunha frecuencia aproximada duns seis por ano- dado o seu vínculo ó premio do mesmo nome. A desatención do resto de selos (Galaxia, Xerais, Edicións do Castro) cara á poesía era maioritaria malia teren algúns deles coleccións dedicadas ó xénero^{ix} Aínda no ano 1995, Dolores Vilavedra se

queixaba de que “A poesía, que está a vivir un momento de auxe, pulada por un vizoso abano de voces novas e alicerzada no retorno esporádico da madurez de autores como Arcadio López-Casanova ou Novoneyra, segue a carecer de canles minimamente consolidadas e mantense só con iniciativas individuais como a da editorial Espiral Maior” (Sande 1995: 2).. Mais isto non abondaba, e así Pilar Pallarés dá-nos conta das escasas posibilidades que os poetas tiñan nesa época para dar ó prelo as súas obras:

“Naquel momento non eramos conscientes de que se vivía unha situación difícil na nosa poesía, cunha dificultade enorme para publicar. E creo que mudou o panorama cando Miguel Anxo Fernán-Vello creou Espiral Maior; antes estaba a revista de mulleres *Festa da palabra silenciada*, que serviu para dar a coñecer a moitas mulleres poetas. Realmente, naquel momento había moi poucas vías para ter diálogo cos lectores. ... A lembranza que eu teño era sobre todo a de tentar darlle un pouco de vida a aquela situación na que era difícil, xa non publicar un libro individual, senón simplemente publicar en revistas. Creo que son os anos nos que o panorama literario é máis pobre.” (Rodríguez 2002: 108).

Para alén de Leliadoura, as únicas vías que tiñan os poemarios para ver a luz, pasaban en moitos casos pola auto-edición ou por aproveitar o espacio que ofrecían selos menores e efémeros (Edicións do Cerne, Edicións do Rueiro, etc.) ou mesmo as revistas literarias da época (*Dorna*, *Nordés*, *Luzes de Galiza...*), plataformas non sempre accesibles para certo tipo de poéticas. Estas circunstancias motivaron a polémica que se orixina cando Sotelo Blanco decide deixar de convocar o premio Leliadoura en 1991^x, o que significaría tamén implicitamente o comezo da fin para a colección homónima que, sendo a máis importante daquel momento^{xi} Tamén a crítica se ten feito eco da importancia de Leliadoura dentro do noso sistema editorial: “Ninguén poderá negar a estas alturas que o emprendemento levado a adiante pola editorial Sotelo Blanco através da súa colección de poesía Leliadoura é, sen dúbida, o fito máis importante no que atinxe á historia da nosa poesía nos últimos anos. Se a este engadimos a creación dun premio de importante cuantía baixo a protección da mesma editorial non nos restará máis que concluír que o labor dos homes que compoñen a equipa programadora das publicacións, e o mesmo propietario, ao conectar coa sensibilidade e as ansias editoriais dunha importante fracción dos creadores máis novos, nun labor de mecenádego e protección intelectual, neste país de minifundios, resulta pouco menos que extraño senón extravagante” (Forcadela 1989: 17)., aínda logra chegar ata 1997 tras un lento esmorecer. Precisamente, cando

Miguel Anxo Fernán-Vello funda a editorial fai fincapé nesta circunstancia e di que Espiral Maior “naceu porque se estaba dando unha completa desatención á edición de poesía, e mesmo o editor que ten a colección máis importante, permitiuse falar da poesía de maneira desagradecida cando eliminou o prémio que anualmente convocaba” (X.C.1991: 17). Nestas palabras subxace un claro vencello co xénero lírico -o máis privilexiado do noso sistema literario pero tamén o que peor fortuna editorial correu ó longo dos tempos-, por máis que a oferta de Espiral Maior acabe logo diversificándose para alicerzar unha empresa suficientemente forte á hora de resistir os avatares do mercado.

A circunstancia de ser un selo dedicado en exclusiva, nos seus comezos, á poesía recibíuse con certo escepticismo e mereceu, mesmo, o cualificativo de “aventura romántica”: “Reconoce Fernán-Vello que es una aventura romántica por el riesgo que supone dar vida a una empresa que, además, se especializa en obra creativa tan minoritaria como la poesía, pero es también consciente de la responsabilidad profunda que asume” (Michelena 1993: 3). Sen embargo, o vencello directo de Espiral Maior coa poesía non exclúe nunca a súa vocación de empresa profesional^{xii} -Que a editorial teña vontade de servizo non quere dicir que non sexa unha editorial profesional, con vontade de empresa. Neste momento estamos no proceso de consolidación definitiva despois de pasar por un período de tanteo, de adaptación. Hoxe xa temos cerca de setenta títulos editados e temos unha recién creada colección de narrativa” (Estévez 1995: 53). -só así pode subsistir unha editora-, antes ben, séguese a pauta que sinala Carlos Lema cando di que “Espiral Maior prima a poesía como xénero fundamental e defende a súa situación central, canónica, no sistema literario” (Carlos Lema 1998: 84). Non se trata, pois, de “xogar á filantropía”^{xiii} (Araguas 2001: 6) senón de consolidar unha editorial forte e, neste sentido, é importante a diversificación da súa oferta xenérica, o aumento das coleccións, a boa distribución dos libros, a presenza nos medios de prensa (especializados ou non) e a publicitación das novidades dun xeito adecuado e suficiente. Polo tanto, non hai nada de inconsciencia, de “romántico”, na creación da editorial por máis que esta se integre nunha liña de compromiso cunha lingua non normalizada que xa amosaran as súas predecesoras^{xiv} “Pasaron xa cincuenta anos dende que Galaxia comezou coa súa actividade editora. E máis de vinte dende que naceu Xerais, o selo máis forte a día de hoxe. Se se ten en conta que Galaxia foi durante 25 anos -e dentro das súas limitadas posibilidades- a bandeira dunha determinada opción política; e se se ten en conta tamén o maior grao de incandescencia política coa que conviviron Xerais e os seus autores nos primeiros anos, resulta sinxelo detectar as causas polas que a sociedade menos próxima e/ou coñecedora das teses nacionalistas establece un matiz de desconfianza sobre boa parte da literatura galega actual. Se ben é certo que ese

público establece un prexuízo inxustificado, tamén é certo que é unha gran bolsa de lectores a que queda por conquistar” (Tristán e Franco 2001: 56-57). e cun xénero, o poético, en principio minoritario. Certo é que, para lograr o obxectivo de manterse no mercado, Espiral Maior crea un sistema de subscrición que lle sirva de apoio e no que resida o peso de soste a colección máis importante (“Poesía”) que sae así do prelo cun número fixo de exemplares vendidos. Sen embargo, esta circunstancia non impide desbotar xa o tópico do voluntarismo altruísta á hora de publicar poemarios, algo sumamente estendido e utilizado por outros editores como xustificación á hora de non dar ó prelo este tipo de obras ou mesmo para deixar esmorecer as súas coleccións^{xv}. Non se pode admitir este altruísmo cando a poesía resulta ser o xénero emerxente canto a número de obras fronte á narrativa e así, segundo os *Informes de literatura* do Centro Ramón Piñeiro, se no ano 1995 se editou un 43% de poesía a respecto do 50% que representaba a narrativa (Roig Rechou 1996), no 1998 pasou a ocupar un 20% fronte ó 12% da prosa ficcional (Roig Rechou 1999). Polo tanto, a imaxe da non rendibilidade do xénero non pode sosterse^{xvi} e así Fernán-Vello afirma que “a poesía é un xénero que funciona por canles ás veces imprevistas, por reacción dos lectores que se producen dun xeito non cualificabel. A poesía chega á xente doutra maneira. Hai lectores de poesía, véndese poesía. Hai autores que venden e outros que non” (Estévez 1995: 53). Chega mesmo a desbotar con rotundidade a suposta falta de compradores: “eu nego esa afirmación que dí “a poesía véndese pouco”, pois non é certo. Hai autores que venden pouco, autores que venden dunha forma regular e outros incluso venden moito. Creo que na poesía hai, como en todos os xéneros, autores e poéticas que interesan nun momento dado e outros que non” (Nicolás 1995: 2). É máis, denuncia unha certa manipulación de argumentos de mercado, en base ó número baixo de lectores e ó pouco interese que o xénero suscitaría neles, pois “o argumento de mercado reducido é moi utilizado. Eu coido que hai unha especie de *ditadura* da narrativa -e non falo só de Galiza-, cun constante bombardeo comercial e unha desatención á poesía, o teatro e tamén a ensaio” (X.C. 1991: 17).

Nada disto se dá en Espiral Maior que, durante os seus primeiros anos mantívose publicando só poesía e que, a día de hoxe, segue na liña de dedicar os seus esforzos maiores a este xénero pero sempre desde a seriedade dunha empresa profesional^{xvii}. Así, Fernán-Vello afirma que “*Espiral Maior* é unha editorial profesional, non romántica, aínda que teña moito de romantismo no sentido de servizo e contribución á normalización editorial na Galiza” (Vidal 1999: 32). Precisamente, este espírito é, para Freixanes, un síntoma da modernidade necesaria que vai acadando o sistema editorial galego: “Frente a la ideologización a veces partidaria, o cuasi-partidaria, de los agentes editoriales gallegos en las décadas de los años cincuenta y sesenta, todos ellos en el discurso del galleguismo, la oferta editorial de la Galicia que cierra el siglo

es plural, profesional y claramente instalada en la tensión y la dialéctica del mercado, que por primera vez existe, como ya he indicado, más allá de la estricta fidelidad ideológica o el compromiso cultural” (Freixanes 1999: 6).

Sen embargo, a vinculación maioritaria e declarada de Espiral Maior a respecto da poesía ten a contrapartida de levar á crítica a considerala como un “selo de tendencia” (Villalaín 1997: 62 e Valcárcel 2001: 538), “especializado” (Alonso 1998: 73), feito que comportaría serios riscos de ser incluída nos territorios da marxinalidade editorial. Así lles aconteceu a outras iniciativas que, polo feito de decantárense por xéneros minoritarios como o ensaio (caso de Laiovento) ou preferir obras máis experimentais que se saían dos circuítos cotiáns (Positivas), son consideradas como espacios case á marxe do propio mercado editorial e con pouco peso específico dentro deste. Con todo, a diversificación da oferta levada a cabo por Espiral Maior é un factor que a irá incluíndo progresivamente dentro do grupo das que Damián Villalaín denomina “editoriais xeralistas”:

“La actualidad de la edición en Galicia se caracteriza por un grado de profesionalización cada vez mayor, al menos en lo que respecta a las dos editoriales -Galaxia y Xerais- que siguen liderando indiscutiblemente el mercado. Ambas son editoriales generalistas, con cifras de producción que en ambos casos superan con amplitud el centenar de títulos anuales entre novedades y reimpresiones, y que mantienen en catálogo numerosas y muy variadas colecciones. La diversidad editorial ha conllevado también la aparición de pequeños sellos *de tendencia* que cumplen una función oxigenante y alternativa, como Positivas, Laiovento y Espiral Maior, editorial esta última que dedica a la publicación de poesía el grueso de sus esfuerzos.” (Villalaín 1997: 62, cursiva no orixinal).

Sen embargo, esta especialización da oferta de Espiral Maior -á marxe de constituír unha “aposta francamente arriscada” (Alonso 1998: 73)- forma parte, para Fran Alonso, dos propios logros da editorial que “xogou un meritorio papel na especialización do panorama editorial galego -ata hai moi pouco e aínda hoxe demasiado xeralista” (Alonso 1998: 73). As consecuencias positivas deste feito redundan sempre en beneficio dos lectores e serven para traer aires novos a un sistema pechado en demasía pois, “Fronte ós que pensan que hai que concentra-lo labor editorial, Fernán-Vello di que está “pola dispersión para ir ó encontro dos lectores mediante formas máis abertas, porque ó competir varias editoriais no mesmo espacio permite crear coleccións á medida do lector, co que aumentará o número de títulos

anuais, que é dicir o mesmo que aumentar o número de lectores" (Porteiro 1995: 5). Neste sentido, a oferta editorial de Espiral Maior foise diversificando co tempo e co xurdir de novas coleccións ata completar o número de doce que son as que mantén abertas na fin de 2001, xusto cando cumpre unha década de vida. Por orde de aparición son "Poesía" (1991), "A Illa Verde" (1994), "Ensaio" (1994), "Novo Prelo" (1994), "Didáctica" (1994), "Narrativa" (1995), "Historia e Documentos" (1995), "Alba Longa" (1996), "Imaxes no tempo" (1996), "Visual" (1997), "Auliga" (2000) e "Opera Omnia" (2001). Nesta ducia de coleccións, o xénero privilexiado segue a ser o poético que ten abertas cinco delas, seguido polo estudio -en sentido amplo- con catro.

1. COLECCIÓNS DE POESÍA

1.1. Poesía

Sendo a colección emblemática de Espiral Maior e a primeira en aparecer, "Poesía" posúe o catálogo máis numeroso da editora e así, a finais de 2001, xa acadaba os 115 números que van desde o volume inicial *Metáfora da metáfora* de María Xosé Queizán ata a antoloxía da obra de Marià Villangómez que, elaborada por Isidor Marí, leva por título *Un voo de paxaros*. A colección presenta dúas particularidades importantes: unha, a de vincularse a un sistema de subscritores que aseguran a súa continuidade e, outra, a de abrirse a todo tipo de producións poéticas, con independencia do estilo ou a idade dos seus autores.

A respecto do primeiro punto, Espiral Maior vai buscar un respaldo forte á hora de poder levar adiante o seu proxecto e, para asegurar a viabilidade económica da editorial, pon en marcha un sistema de subscritores que, único nos nosos días, axudan a asegurar a edición recibindo, a cambio, nos seus domicilios os libros asinados polos poetas. O número de cen subscritores que se fixara, en principio, como simbólico^{xviii} ten sido superado nos últimos tempos (a finais de 2001 eran 123) e xa por volta de 1995 -cando a editorial levaba só catro anos funcionando- rondaba case os noventa como se pode observar na primeira relación deles que aparece no volume que fai o número trinta e un da colección: *Nadador* de Xavier Rodríguez Baixeras. Os subscritores son ademais agasallados con diversas iniciativas -como un gravado de Perfecto Estévez que conmemora os cen títulos publicados, unha edición especial dos *Poemas* de Seamus Heaney con motivo do nomeamento deste como Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña en 2000 ou, nos últimos anos, un *cadáver exquisito*^{xix}- e constitúen unha parte fundamental da engrenaxe de Espiral Maior pois a súa importancia non está unicamente vinculada ó seu aporte económico -decisivo cando se trata de soste a edición- senón que "significan un apoio directo á poesía e á

publicación de libros, e supoñen unha certa seguridade de partida para o editor xa que é certo que a poesía non é un xénero favorecido polos grandes medios de comunicación e pola publicidade en xeral” (Nicolás 1995: 2). Ademais permiten afirmarse nese carácter alternativo e independente a respecto de intereses alleos que a editorial persegue. Polo tanto, en última instancia, os subscritores “Son o sostén fundamental para a permanencia da colección nas perspectivas que ten marcadas, sen se plegar ao interese comercial e mantendo un nivel de dignidade. Fieis á editorial, os subscritores demostran a existencia de lectores de poesía, interesados en coñecer todo aquilo que *Espiral* produce” (Vidal 1999: 32).

Canto á segunda característica intrínseca á colección “Poesía”, a de amosarse aberta a calquera tipo de voces e poéticas, xorde da pretensión de dar unha imaxe fidedigna do actual momento creativo a respecto da lírica e tamén do desexo de dotar ós autores, sexan consagrados ou inéditos, dunha canle para expresarse a través das súas obras. Así, apóstase ademais por favorecer claramente o necesario recambio xeracional potenciando a saída de novas voces, un feito salientado e recoñecido pola crítica (Villar 1998b: 223 e Bernárdez 2001: 26). Polo tanto, a carón das *operas prima* de creadores xa fundamentais no devir da poesía máis nova (Yolanda Castaño, Emma Pedreira Lombardía, Emma Couceiro ou Miro Villar) atopamos os versos de autores consagrados polo noso sistema literario e que van desde Xohana Torres, Manuel María, Manuel Álvarez Torneiro, Bernardino Graña, Luz Pozo Garza, Pura Vázquez ou Salvador García-Bodaño ata as xeracións máis recentes como Xosé María Álvarez Cáccamo, Chus Pato, Xavier Rodríguez Baixeras, Luísa Villalta, Pilar Pallarés, etc. A pluralidade da oferta é un dos obxectivos básicos perseguidos por Fernán-Vello cando afirma que

“Espirál Maior nace como unha colección de poesía coa idea de contribuír á normalización da actividade editorial creando unha oferta continua de poéticas distintas. Espiral Maior creo que é unha colección onde se dá unha pluralidade de voces absoluta, tanto xeracional como estética. Nun momento en que as grandes coleccións de poesía, como a Leliadoura de Sotelo Blanco, estaba nun impasse, e grandes poetas, algúns xa consagrados, non podían publicar porque non había oferta editorial, nós abrimos esta canle plural que hoxe xa está practicamente consolidada.

... Espiral Maior é unha editorial independente, cun espírito alternativo á cultura oficial, e ten clara a súa vocación de servizo cultural.” (Estévez 1995: 53).

Do mesmo xeito, tense apostado moi forte -como é posible observar xa desde o número un da colección que nos descubre á María Xosé Queizán poeta- polo discurso das mulleres, case sempre contestatario a respecto dos seus contemporáneos. Un discurso que oscila entre a desmitificación da figura feminina estereotipada que leva a cabo Queizán en *Metáfora da metáfora* (1991) e logo en *Despertar das amantes* (1993), as relecturas dos arquetipos clásicos feitas por Chus Pato (*Heloísa*, 1994) e Ana Romaní (*Das últimas mareas*, 1994 e *Arden*, 1998), as novas linguaxes do erotismo que teñen en Yolanda Castaño (*Elevar as pálpebras*, 1995; *Delicia*, 1998 e *Vivimos no ciclo das erofanías*, 1998) unha referencia fundamental pero tamén están presentes en Anxos Romeo (*A estatua*, 1996), Isolda Santiago (*Flor de tan mal xardín*, 1994 e *Berce das estampas*, 1998) e Emma Pedreira Lombardía (*Diario bautismal dunha anarquista morta*, 1999 e *Velenarias*, 2001) ou o intimismo máis radical de Pilar Pallarés (*Livro das devoracións*, 1996) e Emma Couceiro (*Humidosas*, 1997). Con todo, o discurso das poetas non se esgota nestes ámbitos e outras estéticas máis persoais terán igualmente cabida dentro da colección como as de Xohana Torres (*Tempo de ría*, 1992), Luísa Villalta (*Ruído*, 1995), Helena de Carlos (*Alta casa*, 1996), Luz Pozo Garza (*Vida secreta de Rosalía*, 1996), Cristina Cabada (*Sombra acesa*, 1996), Pura Vázquez (*Desmemoriado río*, 1997), Cristal Méndez Queizán (*Amizade con Mowgli*, 1997), María do Carme Kruckenberg (*Poemas sen resposta*, 1999), Helena Villar Janeiro (*Álbum de fotos*, 1999), Medos Romero (*Ámome en por min*, 1999), Maite Dono (*O mar vertical*, 2000), Marica Campo (*Pedinche luz prestada*, 2001), Lucía Novas (*Epiderme de estío*, 2001) ou Charo Pita (*Desde Arcadia para Govinda*, 2001). Trátase en total de 32 poemarios de autoría feminina entre os 115 títulos que abrangue o catálogo da colección. Así, Marga Romero, tras desbotar o tópico da falta de público para a poesía, destaca a importancia da editora ó abrirse ás poetas:

“Hai poetas pero tamén hai un público, e hai unhas editoriais que apostaron pola poesía, neste aspecto é indiscutible o valor da editorial Espiral Maior, que se abría co imprescindible libro poético para comprender a transgresión que desde unha óptica feminina se creaba na linguaxe, estamos en 1991 e refírome a *Metáfora da metáfora*, de María Xosé Queizán que se rebelaba como poeta. Esta editorial consolidou a poesía de mulleres, recuperando a voz dalgunhas delas ó tempo que apostaba polas novas, un proxecto editorial firme, serio e fermoso, que tamén nos ía legando as ilustracións de novas pintoras.” (Romero 1998: 697).

O amplo catálogo que detenta a colección “Poesía” permítenos establecer uns cantos apartados xenéricos nos que se pode englobar a obra recollida nel. Trátase de poemarios orixinais, antoloxías, obras completas, traducións, volumes galardoados en distintos certames e mesmo de reedicións que conviven en perfecta harmonía e dotan ó fondo da colección dunha gran diversidade de voces e estéticas.

A. Obras orixinais

Poetas de todas as idades, xeracións e tendencias -mesmo os de expresión portuguesa como Ramos Rosa (*O navio da matéria*, 1994) ou Viale Moutinho (*Areias onde gregos se perdem*, 1998)- van ver abertas as portas da colección “Poesía” e deste xeito mestúranse, xa desde os primeiros volumes que saen do prelo, as voces inéditas -de María Xosé Queizán (*Metáfora da metáfora*, 1991), Antonio Domínguez Rey (*Fendas*, 1991) ou Miro Villar (*Ausencias pretéritas*, 1992)- con autores de recoñecida presenza na chamada Xeración dos 80 como Xosé María Álvarez Cáccamo (*O lume branco*, 1991) e con poetas fundamentais, caso de Bernardino Graña (*Himno verde*, 1992), Xohana Torres (*Tempo de ría*, 1992) ou Antón Avilés de Taramancos (*Última fuxida a Harar*, 1992). Esta coexistencia de xeracións foi destacada por Vicente Araguas como un feito moi positivo

“Espiral Maior non ten complexos en misturar *seniors* e *juniors*, inéditos e reedicións, e sobre todo, ... ningún medo en dar a coñecer libros de poetas novos. Pois, compre dicilo, a pirámide poética galega (falar de escalafóns sería un exceso cando non unha ironía) está ateigada no centro. Talmente semella o tren de Shangai en hora punta. Mentres que no pináculo están a sota, o rei e o cabalo de sempre e na base unha certa sensación de ermo. Cousas que ven a corrixir, en parte, Espiral Maior, publicando a Miro Villar ou a Henrique Rabunhal, por exemplo.” (Araguas 1993: 24).

Esta maneira de actuar permite ver a pluralidade de tendencias poéticas que caracteriza á década en que Espiral Maior cumpre os seus primeiros dez anos de traballo. Así, están representados neses 115 volumes a poesía desmitificadora dos modelos femininos (que, como xa vimos, aparece maioritariamente nas autoras), a poética da experiencia e do íntimo (con obras de Luís Rei Núñez -*A casa na brétema*, 1994-, Ramiro Fonte -*Luz do mediodía*, 1994-, Vicente Araguas -*O gato branco*, 1995-, X. C. Gómez Alfaro -*Alba plena do alén*, 1997- ou Xosé María Álvarez Cáccamo -*Calendario perpetuo*, 1997-), as novas linguaxes do erotismo (onde é fundamental a poética de Yolanda Castaño pero tamén os versos de Xosé Vázquez Pintor -*Rotación violeta*, 1996- ou Juan Abeleira -*Animais, animais*, 2001-), a épica e a denuncia (con

Rafael Lema -*Atlántida*, 1999-, Xosé Alexandre Crieiro -*A señardade no puño*, 1996- e Bernardino Graña -*Luz de novembro*, 1997-), o canto á natureza desde diversos posicionamentos (representado por Bernardino Graña -*Himno verde*-, Ricardo Martínez-Conde -*O silencio das árbores*, 1995-, Cristina Cabada -*Sombra acesa*, 1996- ou Cesáreo Sánchez Iglesias -*Evadne*, 1998-), o culturalismo de moi distinto signo (que aparece en Manuel María -*A primavera de Venus*, 1993-, Martín Veiga -*As últimas ruínas*, 1994-, Helena de Carlos -*Alta casa*, 1996-, Manuel Forcadela -*Morte do fadista*, 2000 e *Refutación da musa*, 2001- ou Antón Lopo -*Om*, 1996 e *Pronomes*, 1998-) e as distintas tendencias formais (que devalan entre os sonetos de Miro Villar -*Ausencias pretéritas*, 1992- e Marica Campo -*Pedinche luz prestada*, 2001- e a prosa poética de Xosé María Álvarez Cáccamo -*O lume branco*, 1992 e *Calendario perpetuo*-).

Varios dos volumes publicados na colección “Poesía” acadarán unha especial relevancia. Así, Xohana Torres rompe con doce anos de silencio cando dá á luz *Tempo de ría* (1992), o mesmo período que levaba Pilar Pallarés sen entregar ó prelo ningún volume ata o *Livro das devoracións* (1996). Outros son edicións póstumas, como as de *Última fuxida a Harar* (1992), recén desaparecido Avilés de Taramancos; a derradeira obra de Fiz Vergara Vilariño, *Animal sen fel* (1998) ou as *Bandeiras neboentas* (1992) de Reimundo Patiño, o seu único libro de poemas que, escrito en 1959, nunca vira a luz. Neles recaerán asemade recoñecementos importantes como o Premio da Crítica de Galicia de 1993 para *Última fuxida a Harar*, o de 1996 concedido a *Nadador* de Xavier Rodríguez Baixeras, o do ano seguinte para Pilar Pallarés polo *Livro das devoracións* (que tamén recibe o Premio da Crítica Española) e o de 1998 que recaeu en *Calendario perpetuo* de Xosé María Álvarez Cáccamo. Pola súa parte, o Premio da Crítica Española de 1996 destaca a *Luz do Mediodía* de Ramiro Fonte, o de 1999 foi para Yolanda Castaño por *Vivimos no ciclo das erofanías* e o de 2002 correspondeulle a *Refutación da musa* de Manuel Forcadela.

B. Antoloxías e obras (case) completas

Os volumes antolóxicos son o vehículo máis adecuado para ofrecer mostras plurais doutras literaturas, recompilar autores e obras esquecidos no tempo ou tamén para achegarnos o quefacer de poetas de sistemas literarios alleos a nós. Así, Xosé Lois García mergúllase en *Floriram cravos vermelhos* (1993) nas literaturas de expresión portuguesa de África (Angola, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Mozambique e São Tomé e Príncipe) e Asia (Goa, Macau e Timor) para ofrecernos, tras un documentado e rigoroso estudo das características da súa lírica, a escolma dos autores e textos máis representativos. Tamén focada cara ó mundo da lusofonía, *Razões de fogo, versos fabricados* (1999), de Carlos Paulo Martínez Pereiro, recompila unha ampla selección

de sonetos portugueses dos séculos XVI, XVII e XVIII. Pola súa parte, Consuelo García Devesa orienta o seu interese, primeiro, cara ó haiku xaponés en *77 haikus* (1993), volume que abrangue os poemas de trinta autores de moi diversas épocas reproducidos -ademais de na versión galega- cunha tipografía orixinal para esta edición, obra do profesor Toshiaki Inukai. Máis tarde, a mesma autora dará ó prelo *Labirintos de identidade* (1998), mostra da poesía latina nos Estados Unidos composta por oito voces que, tendo orixe hispana, optan polo inglés como lingua poética. As letras anglosaxonas fican tamén representadas no catálogo da colección polo volume *Poesía irlandesa contemporánea* (1999), traballo de Raúl de Toro Santos. Con todo, a literatura que conta con maior número de aproximacións no fondo editorial é a catalana. Todas elas veñen da man de Xavier Rodríguez Baixeras, ben como antólogo en *Trece poetas cataláns* (1995), ben como traductor: *Antoloxía poética* (2001) de Josep María Llompart, *Vinte poetas das Balears* (2001) en edición de Pere Rosselló Bover, *Antoloxía poética* (2001) de Blai Bonet e *Un voo de paxaros* (2001), mostra da obra de Marià Villangómez que elabora Isidor Marí.

Polo que respecta ós autores galegos, a primeira antoloxía que aparece nesta colección é a que escolma a obra poética de Manuel María (*Antoloxía Poética*, 1993) e da que son responsables Miguel Mato e o propio Fernán-Vello. A esta séguelles a *Antoloxía poética* (1995) da obra de Gonzalo López Abente que elabora con rigorosa minuciosidade, tanto no estudio preliminar como na edición dos poemas, Miro Villar. Co mesmo espírito de recuperar textos esquecidos, neste caso da época da vangarda, ve a luz *Sementeira de ronseis* (2000) de Teresa López. E Xulio Valcárcel vai recompilar a obra en galego de Miguel González Garcés dando ó prelo *Poesía galega* (1998). Un volume moi particular dentro deste grupo é *De mar e vento, cinco poetas de Fisterra* (1997) onde se acubillan os primeiros textos de Mónica Góñez, Alexandre Nerium, Modesto Fraga, Xoán Alberte Moure Ínsua e Roberto Traba Velay, integrantes do Batallón Literario da Costa da Morte que comparten así o seu libro inicial.

Xa no apartado das obras (case) completas figuran autores fundamentais dentro da nosa poesía, cun volume grande de produción lírica e cunha traxectoria consolidada como é o caso de Salvador García-Bodaño -*Obra poética* (1993) que, para alén de recoller todos os seus libros anteriores, inclúe tamén un inédito: "Poemas de amor a Xulia"-, Xosé Neira Vilas -*Poesía recadada*, 1994-, Bernardino Graña -*Ardentía*, 1995-, Eusebio Lorenzo Baleirón -co volume *Gramática do silencio* (1996) que suma, ós tres poemarios xa publicados en vida, algúns textos inéditos baixo o coidado de Paulino Vázquez e Manuel Lorenzo Baleirón-, e, finalmente, Xavier Seoane quen reúne a súa obra completa co título de *Don do horizonte* (1999).

C. Obras galardoadas en certames

Neste apartado van entrar, non só as obras premiadas no certame que a propia editorial convoca, senón tamén as que acadaron outros premios importantes do momento como o Bouza Brey, o Concello de Carral ou o Xohán Carballeira.

Co obxectivo de facilitar a descuberta de novos valores para a lírica abríndolles, a un tempo, unha canle de publicación, créase, no ano 1992, o Premio Espiral Maior de Poesía dirixido, nas súas sete primeiras convocatorias, a autores noveis, menores de 35 anos e sen obra édita. Carente de contía económica, o premio consiste en publicar a obra gañadora -que terá un mínimo de catrocentos versos- dentro da colección “Poesía” de xeito que esta acade a meirande difusión. O certame foi así a plataforma na que se deron a coñecer voces como as de Rafael Lema (*Cemiterio das gaivotas*, 1992), Martín Veiga (*Das últimas ruínas*, 1993), Francisco Souto (*Thanatos ou as árbores do incesto*, 1994), Cristina Cabada (*Sombra acesa*, 1995), Anxos Romeo (*A estatua*, accésit en 1995), Emma Couceiro (*Humidosas*, 1996), Carlos Penela (*As linhagens do frío*, 1997) ou Mario Herrero Valerio (*No limiar do silencio*, 1998) que, en maior ou menor medida, marcan o panorama poético da última década. Sen embargo, a partir de 1999, a convocatoria vaise abrir a todos os creadores, independentemente da súa idade e de que teñan ou non obra publicada. Nese mesmo ano gañou Manuel Forcadela con *Morte do fadista* (2000), na seguinte convocatoria destacouse *De Arcadía para Govinda* (2001) de Charo Pita e, en 2001, foi galardoada Estíbaliz Espinosa con *Número e*. Deste xeito, o certame, como declara Fernán-Vello, “contribuíu a tirar á luz unha serie de poetas importantes na nova creación literaria. Colaborou a crear o ambiente do que logo se coñeceu como poesía dos 90. O premio, que ten as bases pactadas con Antón Avilés de Taramancos ... ten na relación de gañadores nomes que brillan na poesía máis nova” (Vidal 1999: 32).

Por outra parte, no catálogo da colección “Poesía” figuran tamén as obras que mereceron, nas súas dúas últimas edicións -das tres en que se convocou-, o premio Bouza Brey: *Flor de tan mal xardín* (1994) de Isolda Santiago e *Elevar as pálpebras* (1995) de Yolanda Castaño. Outro certame que nutre regularmente o fondo da editorial xa desde a súa primeira convocatoria, é o Xohán Carballeira do Concello de Bueu. Entre os volumes que recibiron este galardón figuran *A valga do triste amor* (1997) de Xosé Carlos Caneiro, *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998) de Yolanda Castaño, *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999) de Emma Pedreira Lombardía, *Poemario irlandés* (2000) de Adolfo Caamaño e *Velenarias* (2001) da, xa anteriormente homenaxeada, Emma Pedreira. Tamén utiliza a canle de Espiral Maior para editar os libros o Concello de Carral que, no premio do seu mesmo nome, destacou a Fernando Díaz-Castroverde por *Camiño de pínegas* (1998), Rafael Lema por *Atlántida* (1999), Rafa Villar con *Días de Sherazade* (2000) e Lucía Novas por *Epiderme de estío* (2001). Os últimos concursos en entrar no catálogo desta colección

son o Cidade de Ourense (*O mosto e as fragas* (2000) de José Manuel Teixeira), o Aula de Poesía de Barcelona (*Refutación da musa* (2001) de Manuel Forcadela) e, os máis recentemente creados, Fiz Vergara Vilariño (*Pedinche luz prestada* (2001) de Marica Campo) e Uxío Novoneyra (*Banzados* (2001) de Xosé Vázquez Pintor).

D. Reedicións

Tal e como declara Fernán-Vello na “Nota do editor” que inicia o volume *Val de Lemos*, “Unha das ideas que presiden o proxecto ESPIRAL MAIOR POESÍA é contribuír á normalización editorial no eido da poesía galega, non só publicando textos actuais senón tamén dando á luz títulos que, esgotados ou esquecidos, forman parte por dereito propio da historia da nosa poesía” (Fernán-Vello 1993: 7, maiúsculas no orixinal). Neste sentido, a reedición permite ó lector volver encontrarse con textos xa esgotados nas editoras ou moi difíciles de consultar. A primeira obra que segue esta dinámica é o *Memorial de brancura* do propio Fernán-Vello que ve a luz de novo, en 1992, con a penas algunha variación ortográfica a respecto da primeira edición de 1984. A seguinte iniciativa neste sentido é a de recoller nun único libro, que leva por título *Val de Lemos*, a ducia de poemarios publicados polo selo Xistral na súa segunda xeira (1968-1975) cando dirixido por Manuel María. Así, xuntos nun tomo, figuran as primeiras obras de autores fundamentais na nosa literatura como Lois Diéguez, Margarita Ledo, Xosé Neira Vilas, Celso Emilio Ferreiro, Darío Xohán Cabana, Fiz Vergara Vilariño, Bernardino Graña ou o propio Manuel María.

E. Traducións

Aínda que entre os obxectivos que definen á colección “A Illa Verde” figura o de ser unha canle para divulgar na nosa lingua certas obras doutras literaturas -eses textos que, o editor entende, “que deben estar en galego tamén e que conforman o acerbo das poéticas europeas contemporáneas” (Nicolás 1995: 2)-, son tres os volumes deste teor que van ver a luz dentro do espacio de “Poesía”. O primeiro é *Vida nova* (1994) de Dante Alighieri, en versión maxistral de Darío Xohán Cabana que lle supuxo recibir, no mesmo ano da súa saída do prelo, o Premio Ramón Cabanillas de Traducción. A este seguen *Capital da dor* (1997) de Paul Eluard, en formato bilingüe galego-francés con traducción de Laurence Brault e Helena González, e os *Cantos* (1998) de Leopardi que acompañan a lectura na nosa lingua de Suso Pensado co texto orixinal en italiano.

1.2. A Illa Verde

A colección “A Illa Verde” foi creada en 1994 para diversificar a oferta editorial de poesía democratizando a súa venda con libros de pequeno formato -17 cm. fronte ós 21 cm. da anterior- e menor tiraxe -só 500 exemplares numerados a man polo editor

fronte ós mil que adoitan saír na colección “Poesía”- que permitan acadar prezos máis populares e fixos -nos seus comezos vendíanse a 500 pesetas para logo subir ás 700-, pero sempre facendo gala do coidado que caracteriza as produccions de Espiral Maior. Graficamente, “A Illa Verde” vaise distinguir tamén porque, ata o número vinteito (que coincide coa renovación no deseño levada a cabo por Perfecto Estévez tras da marcha de Carlos Díaz), os libros carecen de ilustración na cuberta, limitándose esta a ter unha cor diferente en cada volume. A partir dese número (Anxo Pastor: *Sombra fértil*, 1999) a capa será branca e inclúese un debuxo nela^{xx}.

No momento da súa orixe, Fernán-Vello defínea referíndose a “‘A Illa Verde’ que naceu como a irmá pequena de Espiral Maior e tiña como elementos fundamentais o de ser unha colección máis asequibel, non elitista, no sentido de que fose unha colección de referencia con cincocentos exemplares numerados a man, e o de ser porta aberta ás traduccions de poesía universal” (Estévez 1995: 53). Co transcorrer do tempo podemos observar que este espazo se ten consolidado como un punto de encontro - de frecuencia irregular pois no 1998 non sae ningún libro nesta colección, circunstancia que se repite en 2001- dos lectores con obras moi diversas que chegan, a finais de 2000, a acadar os trinta e tres volumes entre o *Giacomo Joyce* (1994) de James Joyce e a *Rosa íntima* (2000) de Manuel Pereira Valcárcel, volumes agrupables baixo os epígrafes de obras orixinais e traduccions.

A Obras orixinais

Dentro do grupo dos textos orixinais que ven a luz por primeira vez neste selo atopamos, igual que acontecía na anterior colección, unha perfecta coexistencia entre autores con abondosa obra publicada como Manuel María (*Poemas para dicirlle a dúas lagoas*, 1994 e *Sonetos á casa de hortas*, 1997), Xosé María Álvarez Cáccamo (*Colección de espellos*, 1994), Pura Vázquez (*Orballa en tempo lento*, 1995) ou Miguel Anxo Fernán-Vello (*Poemas da lenta nudez*, 1994), xunto con outros de menor traxectoria caso de Maximino Cacheiro Varela (*Memorial de exilio*, 1994), Manuel Vidal Villaverde (*Luceiros fuxidíos*, 1994), Miguel Sande (*A palabra soterrada*, 1994), Ramón Caride Ogando (*Cerne das labaredas*, 1994), Rafa Villar (*A sotavento dunha singradura*, 1995), Miro Villar (*Abecedario da desolación*, 1997), X. C. Gómez Alfaro (*Ofertorio de solpores*, 1999), Lino Braxe (*A caricia da serpe*, 1999) ou Manuel Pereira Valcárcel (*Rosa íntima*, 2000). Igualmente, a colección acolleu as primeiras obras de Xosé Pablo Bayo (*Tempo de chover*, 1994), Emilio Xosé Ínsua (*Devalar das esperas*, 1995), Celso Álvarez Cáccamo (*Os distantes*, 1995), Ricardo Beiras (*Idolatría*, 1996), Antom Fortes Torres (*Figuras masculinas de medio corpo*, 1997), Manuel Darriba (*Calor*, 1997), Xosé Abeal (*Herba do tempo*, 2000) e Carlos López (*Espello sen fondo*, 2000), contribuindo así á necesaria renovación das nosas letras.

B. Traduccións

A Illa Verde tamén vai ser un espazo de encontro frecuente coas obras da literatura europea, encontro que se inicia -en todos os sentidos xa que é tamén o volume inaugural da colección- co *Giacomo Joyce* (1994) de James Joyce, presentado por Elvira Souto en formato bilingüe galego-inglés. Outras obras de autores anglófonos son as de Edward Fitzgerald (*Rubáiyát de Omar Kayyám*, 1996), en edición de Antonio de Toro Santos, ou os *Himnos á noite* (1997) do alemán Novalis que versiona Jaime Santoro de Membiela quen tamén se encarga de editar as *Elexías de Duíno* (1995) e as *Cartas a un poeta novo* (1997), ambas as dúas de Rainer María Rilke. Pola súa parte, a literatura francesa aporta ó catálogo de “A Illa Verde” as obras de Francis Jammes -*Catorce oracións* (1994) traducidas por Xulia Rodríguez e completadas cun poema-epílogo de Manuel María- e Paul Valéry na versión do *Cemiterio mariño* (1994) feita por Antón Avilés de Taramancos e que inclúe os orixinais manuscritos deste.

Un volume peculiar dentro do espírito da colección é *A emoción da terra* (1994) onde Carlos L. Bernárdez recolle a poesía de Vicente Risco dispersa en revistas e acompañaa dun rigoroso estudio sobre as características da vangarda presentes na lírica deste autor. Tamén debemos deixar constancia do feito de que o *Abecedario da desolación* de Miro Villar acada no ano 1998 o Premio Tívoli Europa ó mellor poemario publicado en calquera das linguas europeas.

1.3. Alba Longa

Colección de maior formato -24 cm. de alto fronte ós 21 cm. de “Poesía”- e frecuencia moito máis esporádica, “Alba Longa” vaise consolidando lentamente desde que en 1996 a inaugurara Manuel María con *O Miño canle de luz e néboa*. Con todo, só comezará a ser designada co nome de “Alba Longa” a partir do sexto volume que ve a luz con este mesmo deseño -*Edénica* (2000) de Yolanda Castaño- aínda que nos catálogos máis recentes da editora xa se inclúen dentro dela os cinco primeiros libros que, antes diso, se agrupaban baixo o epígrafe “Fóra de colección”. Carente dun ritmo regular de edición, “Alba Longa” parece consolidarse en 2000 publicando cinco títulos que son, de momento, os últimos en saír do prelo. Con todo, o seu catálogo está integrado por dez volumes de moi diversa fasquía que inclúen o inédito de Manuel María, *O Miño canle de luz e néboa* (1996); recompilan os poemas cos que colaborara Lois Pereiro na revista *Loia* xunto cunha serie de reflexións sobre o xénero poético -co título de “Modesta proposición para renunciar a facer xirar a roda hidráulica dunha cíclica historia universal da infamia”- en *Poemas para unha loia* (1997); acollen a reedición dos *Poemas da lenta nudez* (1997) de Miguel Anxo Fernán-Vello xa

publicados en 1994 en “A Illa Verde”; completan un estudio de Xosé María Álvarez Blázquez sobre Mendinho, Xohán de Cangas e Martín Codax con outro máis recente de Xosé María Álvarez Cáccamo como prólogo para a edición das cantigas destes trobadores (sobre texto establecido por Carlos Paulo Martínez Pereiro) en *E miraremo-las ondas!* (1998); reúnen os opúsculos que Xosé María Álvarez Cáccamo fora editando de forma non venal -*Prego de cargos* e *De mañá que medo*-, ós que se engade *Crónica do espanto*, co título de *Os cadernos da ira* (1999); ou seleccionan algúns poemas de Yolanda Castaño, engádenlles outros inéditos e un disco compacto onde a propia autora canta os seus versos musicados por José Antonio Fernández Calero en *Edénica* (2000). A partir de aquí, o resto de volumes de “Alba Longa” son todos obras inéditas e orixinais: *Fixen camiños* (2000) de Moncho Borrajo, *Entre dunas* (2000) de Paula Lemos e Marga do Val, *Poemas anobelados no tempo* (2000) de Rosa Méndez Fonte e *O peso da derrota* (2000) de Medos Romero.

1.4. Auliga

Vinculada á Asociación Internacional Universidade Libre Iberoamericana en Galicia (AULIGA) e tendo como directores literarios a Miguel Anxo Fernán-Vello e a Antonio Domínguez Rey, “Auliga” xorde no ano 2000 con expectativas de difusión a outros lugares. Componse así de obras bilingües que buscan incorporarse a mercados foráneos como o portugués ou o español. Os tres primeiros volumes, que saíron xuntos, son *Opus affettuoso* (2000) de Casimiro de Brito (en versión portugués-castelán), *Antología poética* (2000) de Eusebio Lorenzo Baleirón e *Cantos caucanos* (2000) de Antón Avilés de Taramancos, estes dous últimos en formato galego-castelán baixo a responsabilidade de Ánxeles Penas. No ano 2001 editouse o cuarto título: *Poemas* (2001) de José Ángel Valente, con escolla dos textos e tradución de José Bento.

1.5. Opera Omnia

A última das coleccións dedicadas á poesía é “Opera Omnia” que nace, en 2001, para editar as obras completas daqueles autores referenciais na nosa literatura e cun volume de títulos abondoso. Así, recordando ó mesmo tempo o décimo aniversario do selo -“Edicións Espiral Maior quere celebrar con esta edición íntegra da poesía de Manuel María 10 anos de existencia e de resistencia como empresa editorial ao servizo da creación literaria en Galiza” (Fernán-Vello 2001:8)-, viu a luz en dous tomos con encadernación moi coidada (tapa dura e caixa) a *Obra poética completa* (2001) de Manuel María, volume que serve de homenaxe e recoñecemento ó seu inxente labor e

que recibiu o Premio Irmandade do Libro ó Mellor Libro Editado en 2001 así como Premio da Crítica de Galicia 2002.

2. AS COLECCIÓN DE ENSAIO E ESTUDIO

2.1. Ensaio

Por volta de 1994 créase a colección “Ensaio” que, partindo da idea de diversificar a oferta editorial deste xénero en galego, se vai consolidando lentamente, sobre todo, a partir de 1998 coa convocatoria do Premio Espiral Maior de Ensaio. Son dezanove os títulos que constitúen o seu catálogo e que van desde a primeira obra publicada, *A falacia do economicismo* (1994) de Carlos Mella, ata a última: *Unha casa para a lingua* de Elisardo López Varela (2001). O desexo de dar cabida ó ensaio dentro de Espiral Maior e os obxectivos que marcan a colección ficaban xa patentes en 1993 cando Fernán-Vello afirma que a editora “iniciará una colección sobre ensayo con el fin de llenar un espacio escasamente potenciado en Galicia, pues si, en opinión de los responsables de la editorial, abundan los libros de tesis e investigación, no ocurre lo mismo con los de debate, de ideas. ... Los trabajos incluídos en esta colección tendrán como característica un formato especial, no rebasarán las 150 páginas y serán asequibles al comprador” (Michelena 1993: 3).

A diversidade que caracteriza ó resto de obras editadas por Espiral Maior vaise facer tamén patente nos textos de ensaio que atenden a materias moi variadas e tratan distintos campos do saber como os sistemas económicos (*A falacia do economicismo* (1994) de Carlos Mella), a filosofía (Ignacio Castro: *Alén da fenda*, 1994), o feminismo (*Escrita da certeza* (1995) de María Xosé Queizán) ou a metafísica (X. Manuel Domínguez Prieto: *Sobre a alegría*, 1995). Pola súa banda, a arte dá orixe a varios volumes onde se atende á súa vertente máis popular (Manuel Facal: *Notas sobre estética e arte popular*, 1995), se estudian as características da creatividade contemporánea (*As mazás de Yoko Ono* (1995) de X. Antón Castro, obra galardoada co Premio da Crítica de Galicia) ou se focaliza a atención sobre certas figuras individuais como acontece no monográfico de Xosé María Durán: *A obra pictórica de Xosé Lodeiro* (1997). O tema máis recorrente vai ser a literatura pois a esta materia se orientan o achegamento de Luz Pozo Garza ás composicións medievais en *Ondas do mar de Vigo* (1996), os traballos de Carlos Paulo Martínez Pereiro compilados en *Hospital das letras* (1997), a edición dunha obra inédita en *Eduardo Blanco-Amor “Morte do Mi Padre”* (1997) de Carlos Laíño Lorenzo ou o estudo que, da poesía de Novoneyra, ofrece Xulio Calviño en *Uxío Novoneyra e os motivos de Circe* (1998). Tamén a historia, en sentido lato, aparece representada nos ensaios, sobre todo, en

Arredor da historia de Galicia (1997) de Luís Martínez-Risco Daviña quen estudia a transmisión do nacionalismo nas escolas, ou mesmo, xa focada cara á realidade da Real Academia Galega baixo a presidencia de Murguía, en *Unha casa para a lingua* (2001) de Elisardo López Varela. Finalmente, a relixión constitúe o motivo central tanto da obra de Xosé Chao Rego: *O sexo, a muller e o crego* (2000) como, no seu vínculo co ecoloxismo, do pensamento que verque Victoriano Pérez Prieto en *Do teu verdor cinguido* (1997).

A esta relación de volumes hai que engadir os gañadores do Premio Espiral Maior de Ensaio que xorde, como se di nas súas bases, “Co obxecto de ampliarmos o espectro da creación ensaística en Galicia e atendermos á necesaria promoción dun xénero de brillante traxectoria literaria na nosa cultura” (Folleto coas bases do I Premio Espiral Maior de Ensaio). Así, xunto con Galigraf-Galicia, a editora convoca este galardón entendendo que é a única maneira de crear “un espazo aberto para a celebración dun ensaísmo con vontade de estilo e de intervención crítica, con alento analítico e capacidade discursiva; posibilitando, ademais, nesta mesma liña, a recuperación pública do ensaio como xénero literario especializado nas verdades da reflexión intelectual e na construción dun pensamento do noso tempo imbricado na cultura e na sociedade” (Folleto coas bases do I Premio Espiral Maior de Ensaio). Dotado con 500.000 pesetas e a publicación da obra premiada -que terá un mínimo de 75 folios e un máximo de 150-, o certame só se convocou dúas veces. Na primeira en 1998, concedeuse *ex-aequo* a Miguel Mato Fondo polo traballo *A escrita da terra* (1998) e a Xosé Manuel Domínguez Prieto por *Alén da libido* (1998) mentres, ó ano seguinte, gañou Carlos Paulo Martínez Pereiro con *A indócil liberdade de nomear* (1999).

2.2. Didáctica

Examinando a traxectoria da colección “Didáctica”, que xorde en 1994, podemos apreciar a súa vinculación exclusiva, ata o de agora, á figura dos homenaxeados co Día das Letras Galegas e así, cunha frecuencia dun volume por ano (que non sempre se cumpre pois entre 1996 e 2000 non se edita ningún libro), van ir saíndo estudos como os catro que a compoñen: *Luís Seoane, a forma da patria* (1994) de Xulio Cuba, *Rafael Dieste. Ollar o mundo con sede adiviñadora* (1995) de Xosé Luís Axeitos, *Xesús Ferro Couselo. A búsqueda da identidade e o encontro cos devanceiros* (1996) obra de Felipe Senén e Carlos Díaz Martínez e, finalmente, *Manuel Murguía e Arteixo* (2000), libro colectivo coordinado por Henrique Rabuñal Corgo.

2.3. Novo Prelo

Iniciada en 1994, a colección “Novo Prelo” consta dun único volume: a recompilación de artigos e colaboracións en prensa de Carlos Mella que leva por título *Coa palleta distraída* (1994).

2.4. Historia e Documentos

Destinada a recuperar textos fundamentais doutras épocas e tamén a xerar estudos sobre eles, a colección “Historia e Documentos” xorde en 1995 cando se reedita de forma facsimilar a revista *Fouce-Etapa de clandestinidade 1973-1977* baixo o coidado de Carlos Díaz Martínez e Ramón Muñiz. Outros dous títulos compoñen o seu catálogo de obras: o estudo de Carlos Penela *Os galegos anarquistas na Arxentina* (1996) e *A semente do 72, a forza da nosa clase. Vintecinco anos do dez de marzo (1972-1977)* que ve a luz en 1997 en edición de Carlos Díaz Martínez. Este volume lembra un feito esencial para a historia do sindicalismo nacionalista galego: o asasinato, no Ferrol de 1972 convulsionado pola celebración da primeira Folga Xeral, de Daniel Niebla e Amador Rey. Así, como paso previo á recolleita dun bo número de documentos que aluden a este feito (noticias de prensa, octavillas, carteis, etc.), aparecen os testemuños de varias persoas que, vivindo o suceso, sufriron tamén as súas repercusións. O libro complétase cos poemas que Uxío Novoneyra, Xohán Esteiro López (Manuel María) e Daniel Méndez (Darío Xohán Cabana) dedicaron ós obreiros mortos.

3.A COLECCIÓN “NARRATIVA”

Despois da poesía e o ensaio, o seguinte xénero literario en entrar a formar parte da oferta de Espiral Maior vai ser a prosa ficcional para o que se crea a colección “Narrativa”. Inaugurada en 1995 coa obra de Lois Diéguez *Tres sombras góticas e unha rosa*, ata finais de 2001 viron xa a luz nela trinta volumes, nos que se inclúen os gañadores do Premio de Narrativa Fantástica “Cidade da Coruña” que patrocina, para alén da propia editorial, o Pub Dublín da cidade herculina. Este certame, que se inaugura en 1998, pretende recoñecer a importancia da imaxinación como temática capaz de aportar obras fundamentais á nosa literatura e así vai “Destinado a favorecer a creación literaria que se fai xénero particular nos eidos do fantástico, abertos tamén aos territorios escuros do medo, do terror, do neboento, do alén e do real marabilloso, o Pub Dublín, en colaboración con Edicións Espiral Maior, convoca o I PREMIO DE NARRATIVA FANTÁSTICA “CIDADE DA CORUÑA”, creando así un espacio de encontro cunha imaxinación literaria que, no caso do noso país, ten dado importantes mostras no devalar da época contemporánea” (Folleto coas bases do I Premio de

Narrativa Fantástica “Cidade da Coruña”). O certame está dotado con 250.000 pesetas e a publicación da obra gañadora que, oscilando entre os 30 e os 75 folios -estensións mínima e máxima, respectivamente-, debe desenvolver, en forma de novela curta ou como conxunto de relatos, os temas propios dunha “Narrativa fantástica entendida no sentido máis amplo: o extraordinario, o inverosímil, o pavoroso, o detectivesco, o formidábel..., fundidos na arte de crear mundos e contar historias que provoquen no lector a máxica sorpresa e o necesario arrepío que presiden os deuses e os trasnos da ficción literaria” (Folleto coas bases do I Premio de Narrativa Fantástica “Cidade da Coruña”). O primeiro galardoado foi *O vendedor de mazás* (1998) de Breogán Riveiro Vázquez, unha novela breve de inqueda e climático final. A esta seguen os relatos de *Medición definitiva do limbo* (2000) de Xosé Luís Martínez Pereiro -quen xa publicara neste selo *Breviario de calamidades* (1999)- e, tras un ano (o de 2000) sen convocarse, as *Historias non irrealis* (2001) de L.C. Carballal.

Dentro da colección “Narrativa” apréciase un predominio case absoluto das formas breves, sexan novela curta ou conxuntos de relatos, respecto á novela que acada un desenvolvemento menor. Asimesmo, danse cita neste espacio autores fundamentais do noso panorama literario como Ramón Caride (*Fendas no tempo*, 1995), Tucho Calvo (*Telúrico*, 1996), Antón Riveiro Coello (*Parque central e outros relatos*, 1996 e *A historia de Chicho Antela*, 1997), Xosé Carlos Caneiro (*Os séculos da lúa*, 1999 e *Talvez melancolía*, 1999 que foi Premio García Barros) ou Xosé Fernández Ferreiro (*O último paraíso*, 2001), xunto a voces máis novas -Xesús Manuel Marcos (*En terra perigosa*, 1996), Antón Castro (*Vida e morte das baleas*, 1997) Belén Feliú (*Da Guenizah*, 1998, en edición póstuma) e Francisco Calo Lourido (*Salseiros*, 2001)- e a aqueles que se decantan por primeira vez por este xénero, caso de Carlos Mella (*Luces de Fisterra*, 1995), Xosé María Álvarez Cáccamo (*A luz dos desafortunados*, 1996), Xulio López Valcárcel (*Campo de Marte*, 1999), Xavier Seoane (*Ábrelle a porta ao mar*, 2000) e Euloxio R. Ruibal (*Casarriba*, 2000).

Polo que respecta ás temáticas destas obras, non se observa unha tendencia predominante senón que coexisten perfectamente o terror (Tucho Calvo: *Telúrico*), o impacto da memoria e a lembranza (Alfonso Eiré: *Amigos sempre* (1998) e *Eu tamén fun coas vacas* (2000) e a ficción científica de diverso signo (Ramón Caride: *Fendas no tempo*, Xosé Fernández Ferreiro: *O último paraíso*) co humor e a ironía, extraídos de certos aspectos da vida cotiá (Xulio López Valcárcel: *Campo de Marte*) ou próximos á disfunción anacrónica entre o que se conta e o tempo en que isto sucede (*Luces de Fisterra* de Carlos Mella). A presenza do mundo do mar (Francisco Calo Lourido: *Salseiros*) ou da montaña (Xesús Manuel Marcos: *En terra perigosa*) como espazos, máis ou menos, simbólicos motiva tamén a aparición nos textos de seres propios do imaxinario popular galego (Antón Castro: *Vida e morte das baleas*) que se mesturan

con personaxes do mundo real. Para alén disto, o rexistro histórico aporta protagonistas doutras épocas (Manuel Riveiro Loureiro: *A volta de Castelao* (1995) e Ramón Chao: *O camiño de Prisciliano* (1999) mentres figuras de moi diversa fasquía se moven no territorio da cotidianeidade (Manuel Veiga: *Biografías de malogrados*, 2001) ou ven como a súa vida cambia nun momento pola acción de forzas superiores, de xeito que o lector experimenta así a angustia (Xesús Manuel Marcos: *En terra perigosa*), o misterio (Xosé María Álvarez Cáccamo: *A luz dos desnortados*) ou a sorpresa (Antón Riveiro Coello: *Parque central e outros relatos* ou *A historia de Chicho Antela*) que viven os personaxes e, xa nun punto máis extremo, chégase a introducir a estes nun mundo caracterizado pola dimensión lírica (Xavier Seoane: *Ábrelle a porta ao mar*).

4. OUTRAS COLECCIÓNS

4.1. Imaxes no tempo

A presenza da fotografía nos volumes que Espiral Maior edita, sexa ilustrando as cubertas ou aportando información ós textos, vaise ver potenciada na colección “Imaxes no tempo” que serve para resgatar do esquecemento fotos doutras épocas, estampas que constitúen xa un legado histórico de valor incalculable que cómpre conservar. Desde o seu inicio en 1996 viron a luz cinco volumes con este marbete, catro deles da autoría de Xan Fraga Rodríguez. Trátase de *Carballo 1900-1979: crónica fotográfica* (1996), *A Coruña-Sada-Carballo (1903-1979: Tranvías e trolebuses)* (1997), *Pontevedra-Vigo (Tranvías e trolebuses, 1889-1989)* (2000) e *Malpica de Bergantiños. Crónica do século XX en imaxes* (2001), este último en colaboración con Héctor M. Pose. Asimesmo, Cándido Díaz Mosquera deu ó prelo *Carral (1910-1983): crónica fotográfica* (1999).

4.2. Visual

Destinada a editar catálogos de exposicións, sempre cun formato moi coidado, tres son os volumes que conforman a serie “Visual”. O primeiro deles, *Pintura e collage* (1997) de Manuel Facal -que saíra anteriormente co epígrafe “Espiral Maior. Artes Gráficas” pero figura xa dentro desta colección no último catálogo da editora- recolle unha ampla mostra do quefacer deste artista bergantiñán e vai acompañado, en edición de Carlos Díaz Martínez, polos estudos de X. Antón Castro, Xavier Seoane e Alberto González-Alegre, textos que aparecen en formato bilingüe galego-inglés. A continuación, e sendo xa o primeiro volume no que figura explicitamente o nome de “Visual”, saíu do prelo *Poemas obxecto e visuais* (1999) de Lino Braxe. Con limiar de

Xavier Seoane, o libro descúbrenos a faceta de Braxe como creador experimental recollendo os obxectos que formaron parte dunha mostra presentada na Universidade da Coruña. Finalmente, ve a luz *Obra cartelística (1939-1999)* (2000) de Isaac Díaz Pardo que, coordinado por Rosa Méndez Fonte, inclúe unha serie de textos escritos por Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Fermín Bouza, Xan López Domínguez, Euloxio R. Ruibal e María Ruído.

4.3. Fóra de colección

No último catálogo da editorial, só figuran co epígrafe de “Fóra de colección” dous volumes tras terse integrado dentro de “Alba Longa” os cinco primeiros libros que, nun principio, saíran do prelo con este nome. Trátase da obra colectiva *Homenaxe a Eduardo Blanco Amor 1998* (1998) -onde, baixo o coidado de Miguel Anxo Fernán-Vello e Carlos Pereira Martínez, se recollen estudos e semblanzas da figura de Blanco-Amor (escritos por Fernández del Riego, Carlos Laíño Lorenzo, Manuel María, Neira Vilas, Luís Pérez Rodríguez, María Xosé Queizán e Claudio Rodríguez Fer) xunto con deseños e caricaturas (da autoría de Perfecto Estévez, Alfredo Erias, Xaquín Marín, Manuel Romero e Siro) e un conxunto de poemas e textos en homenaxe (obra de Xosé María Álvarez Cáccamo, Bernardino Graña, Henrique Rabuñal, Xulio Valcárcel, Román Raña, Antón Riveiro Coello, Xavier Rodríguez Baixeras e Xavier Seoane)- así como da reedición de *A nación incesante (Conversas con Xosé Manuel Beiras)* (2000) que xa vira a luz en 1989 pero sae agora corrixida por Francisco Pillado Mayor e Miguel Anxo Fernán-Vello, os seus autores.

4.4. Edicións especiais

Aquelas obras que exceden o seu carácter divulgativo para constituíren materiais de coleccionista e bibliófilo tamén teñen o seu lugar dentro do catálogo de Espiral Maior. Así, en 1998 viu a luz unha edición especial -en tapa dura e con cuberta de seda serigrafiada que inclúe, na primeira páxina, as sinaturas de Xosé María Álvarez Cáccamo e dos editores (Carlos Díaz e Fernán-Vello) xunto coa impronta da rúbrica de Xosé María Álvarez Blázquez- de *E miraremo-las ondas!*, composta por 250 exemplares numerados. Por outra parte, son tres os cartapacios onde se reúne, dun xeito multidisciplinar, o traballo de varios artistas logrando que palabra e imaxe convivan en perfecta harmonía e co mesmo nivel de importancia. O primeiro deles data de 1992 cando se reedita -tomando con referencial o texto publicado en 1952 polas Edicións Galicia do Centro Galego de Buenos Aires- o *Alba de groria*^{xxi}

Pasaron xa cincuenta anos dende que Galaxia comezou coa súa actividade

editora. E máis de vinte dende que naceu Xerais, o selo máis forte a día de hoxe. Se se ten en conta que Galaxia foi durante 25 anos -e dentro das súas limitadas posibilidades- a bandeira dunha determinada opción política; e se se ten en conta, derradeira conferencia pronunciada por Castelao na cidade bonaerense o 25 de xullo de 1948. Cun limiar de Manuel María, os cen exemplares que constitúen a súa tirada, levan sete augafortes de Manuel Facal asinados polo artista. A seguir, *De correctione rusticorum* (1997) de San Martiño de Braga ofrece, a carón do texto deste arcebispo -no latín orixinal e coa lectura correspondente en galego ó coidado de Eduardo López Pereira-, cinco serigrafías de Correa Corredoira nun cartafol do que se editaron 150 exemplares. Finalmente, reúnense catro poemas de Juan Abeleira (un deles manuscrito) e outros tantos de Olga Novo (tamén un reproducido de puño e letra) coas litografías e augafortes da pintora Alexandra Domínguez en *Magnalia* (2001), obra da que se puxeron en circulación 75 exemplares.

4.5. Teatro

Aínda que xa se vén anunciando desde hai tempo (García 1999: 34 e Vidal 1999: 32-33), e Fernán-Vello se ten manifestado como partidario de integrar o teatro -único xénero do que aínda non se ocupaba a editora- dentro da oferta de Espiral Maior -“No teatro hai un grande valeiro. ... A edición de teatro non é rendábel e por iso as editoriais non publican este xénero a non ser que teñan patrocínio directo. Coido que hai que apostar por iso porque na Galiza hai unha vida teatral moi intensa, con autores de grande proxección e calidade e unha xeración de criadores novos moi interesante. Cómpre fomentar a escrita que ten unha grande tradición na nosa literatura” (Vidal 1999: 32-33)-, esta colección non viu a luz ata o momento.

Todas estas coleccións que acabamos de estudar compoñen o fondo de Espiral Maior e permiten ó lector o encontro con obras heteroxéneas que comparten o coidado exquisito tanto no aspecto estritamente literario como na súa vertente gráfica. Mais, unha vez que o produto xa está listo, comeza o necesario labor de promoción que facilite a súa entrada nos circuítos de novidades das librerías e o achegue tanto á crítica como ós posibles compradores. Así, son moitos os actos de presentación de libros que ten organizado Espiral Maior para promover o coñecemento dos seus volumes e onde adoitan participar, para alén dos propios autores, persoeiros relevantes da nosa vida cultural e literaria. Trátase, pois, de favorecer unha relación o máis directa posible entre os dous polos do feito literario: a orixe (o creador) e o destinatario (o lector) e para lograr isto é preciso sumar unha distribución eficiente das

obras -que, neste momento, despois da ruptura con Carlos Díaz e de ser finiquitada Artesa, está a levar Baía- e unha difusión adecuada das mesmas. Ata tal punto cumpre Espiral Maior con esta premisa que chegaron a cualificarse de “insólitas” as súas estratexias de promoción, sobre todo no caso de *Metáfora da metáfora*, o primeiro volume, cando “para a promoción do libro, a editora fixo un cartel publicitario sobre a autora e a súa obra, iniciativa insólita no mundo editorial da poesía galega” (Anónimo 1991: 59). Precisamente, esta anécdota exemplifica a importancia que se concede á promoción dos libros xa que, como afirma Cabrera, “O editor galego sabe que boa parte do seu investimento ha de facelo en animación e formación cultural, pois estamos diante dun sector moi específico, mesmo moi sensibilizado ou ideoloxizado a prol dos procesos de normalización lingüística e a recuperación da identidade histórica da nosa sociedade” (Cabrera 1993: 100).

Así pois, vistos os logros e a importancia que Espiral Maior foi acadando ó longo da súa primeira década de vida -a que transcorre entre 1991 e 2001-, podemos concluír que esta, que para algúns constituía unha “aposta francamente arriscada” (Alonso 1998: 74), deu os seus froitos e a editora, para alén de contar co fondo poético máis numeroso de toda a nosa historia literaria, confírmase como unha canle sempre aberta ós creadores: ós xa consagrados que non tiñan onde publicar as súas últimas obras e ós novos porque a aposta por eles é innegable, como soubo ver Miro Villar cando di que Espiral Maior propiciou “unha osixenación necesaria nun panorama poético sobexo encistado na autocompracencia e na autocontemplación”(Villar 1998a: 140) e, deste xeito, “Fernán-Vello converteuse nun auténtico activista cultural cando funda Espiral Maior, unha editorial especializada que veu suplir con constancia irrenunciable o baleiro das publicacións poéticas. A súa aposta entusiasta polos mozos e polos proxectos máis novidosos convertérono nun editor referencial” (Anónimo 2000: 3). Trátase, polo tanto, do selo máis ousado da nosa historia recente dada a súa explícita aposta por un xénero -o poético- en principio considerado minoritario canto ó número de lectores e ruinoso para as editoras e que, a día de hoxe, segue a ser a enseña desta editorial como o demostra o feito de que a colección “Poesía” acade un catálogo tan prolixo de obras. Así, Espiral Maior foi a “editorial que revolucionaría a publicación poética do país nos anos noventa” (E.C. 1996: 22) cun intenso e indispensable traballo a prol do verso e dos seus creadores. Neste sentido, facemos nosas as palabras de Xosé María Álvarez Cáccamo cando fala de Espiral Maior como “da máis fértil, dinámica, atractiva e arriscada colección poética da Galiza de todos os tempos” (Álvarez Cáccamo 2000: 5).

APÉNDICE 1: CATÁLOGO DE EDICIÓNS ESPIRAL MAIOR (1991-2001)

COLECCIÓN POESÍA

1. María Xosé Queizán: *Metáfora da metáfora* (1991). Ilustración da portada: Carmen Pallarés.
2. Xosé María Álvarez Cáccamo: *O lume branco* (1991). Ilustración da portada: Berta Cáccamo.
3. Antonio Domínguez Rey: *Fendas* (1991). Edición bilingüe en galego e castelán. Ilustración da portada: Manuel Ruibal.
4. Bernardino Graña: *Himno verde* (1992). Fotografías da portada e interiores: Siña Fernández.
5. Miro Villar, *Ausencias pretéritas* (1992). Ilustración da portada: Francisco Souto. Prólogo de Darío Xohán Cabana.
6. Henrique Rabunhal: *Poemas da luz e da loucura* (1992). Ilustración da portada: Eduardo Casal.
7. Miguel Anxo Fernán-Vello: *Memorial de brancura* (1992). Reedición da obra publicada en 1985. Ilustración da portada: Pedro Muíño. Prólogo de Basilio Losada.
8. Xohana Torres: *Tempo de ría* (1992). Ilustración da portada: Laxeiro.
9. Reimundo Patiño, *Bandeiras nevoentas* (1992). Ilustración da portada: Reimundo Patiño. Prólogo de Antón Patiño e epílogo de Xavier Seoane.
10. Antón Avilés de Taramancos, *Última fuxida a Harar* (1992). Ilustración da portada: Alfonso Costa.
11. Manuel María, *A primavera de Venus* (1993). Ilustracións da portada e interiores: Felipe Criado. Limiar de Claudio Rodríguez Fer.
12. Xosé Lois García (ed.), *Floriram cravos vermelhos (Antologia poética de expressão portuguesa en África e Ásia)* (1993). Ilustración da portada: Lena Lemos.
13. Rafael Lema, *Cemiterio das gaivotas* (1993). Ilustración da portada: Encarna Rodríguez. I Premio Espiral Maior de Poesía.
14. Manuel María, *Antoloxía Poética* (1993). Edición de Miguel Mato e Miguel Anxo Fernán-Vello. Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez.
15. *Val de Lemos* (1993). Ilustración da portada: Reimundo Patiño

16. María Xosé Queizán, *Despertar das amantes* (1993). Ilustración da portada: María de Felipe. Limiar de Pilar Pallarés.
17. Consuelo García Devesa (ed.), *77 haikus* (1993). Ilustración da portada: dous selos do correo xaponés dedicados ó poeta Bashō. Tipografía dos poemas orixinal do profesor Toshiaki Inukai. Epílogo de Uxío Novoneyra.
18. Salvador García Bodaño, *Obra poética* (1993). Ilustración da portada: Virxilio. Limiar de Basilio Losada.
19. Dante Alighieri, *Vida nova* (1994). Ilustración da portada: A “Ascensión” de Dante e Beatriz (anónimo século XV). Traducción de Darío Xohán Cabana (bilingüe galego-italiano). Premio Ramón Cabanillas de Traducción 1994.
20. Xosé Lois García, *Círculo de luz e xisto* (1994). Ilustración da portada: João Antas. Limiar de Manuel María.
21. António Ramos Rosa, *O navio da matéria* (1994). Ilustración da portada: Fidel Vidal. Limiar de Xosé Lois García.
22. Martín Veiga, *As últimas ruínas* (1994), Ilustración da portada: Daniel Beiras. Limiar de Paulino Vázquez. II Premio Espiral Maior de Poesía.
23. Isolda Santiago, *Flor de tan mal xardín* (1994), Ilustración da portada: Alphonse Mucha. II Premio Bouza Brey de Poesía.
24. Xosé Neira Vilas, *Poesía recadada* (1994). Ilustración da portada: Xosé Vizoso. Prólogo para *Dende lonxe* de Rafael Dieste.
25. María Xesús Pato, *Heloísa* (1994). Ilustración da portada: María Ruído. Limiar de Xavier Cordal Fustes.
26. Ana Romaní, *Das últimas mareas* (1994). Fotografía da cuberta Antonio R. López.
27. Antonio Domínguez Rey, *Eidos da mirada* (1994). Ilustración da portada: Michel Sanzianu.
28. Xosé María Costa, *A alba e o crepúsculo* (1994). Ilustración da portada: Alfonso Costa.
29. Luís Rei Núñez, *A casa na brétema* (1994). Ilustración da portada: Fernando Babío.
30. Uxío Novoneyra, *Poemas da doada certeza /Este brillo premido entre as pálpebras* (1994). Ilustración da portada e gravados interiores: Carlos Crego. Tipografía de Uxío Novoneyra e fotografías de Federico García Cabezón en “Elexía por un soute”.

31. Xavier Baixeras, *Nadador* (1995). Ilustración da portada: Isaac P. Vicente.
32. Ramiro Fonte, *Luz do mediodía* (1995). Ilustración da portada: Pepe Cáccamo.
33. Yolanda Castaño, *Elevar as pálpebras* (1995). Ilustración da portada: Perfecto Estévez. Limiar de Miguel Anxo Fernán-Vello. III Premio Bouza Brey de Poesía.
34. Bernardino Graña, *Ardentía (Obra completa)* (1995). Ilustración da portada: Perfecto Estévez. Limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo.
35. Gonzalo López Abente, *Antoloxía poética* (1995). Edición de Miro Villar. Ilustración da portada: X. Martiño e fotos interiores de Ramón Caamaño.
36. Francisco Souto, *As árbores do incesto* (1995). Ilustración da portada e interiores: Alejandro Senande. III Premio Espiral Maior Poesía.
37. Luísa Villalta, *Ruído* (1995). Ilustración da portada: Daniel Beiras.
38. Arturo Casas, *Pedra de Nadir* (1995). Ilustración da portada: Miguelanxo Prado.
39. Ricardo Martínez-Conde, *O silencio das árbores* (1995). Ilustración da portada: Correa Corredoira.
40. Vicente Araguas, *O gato branco* (1995). Ilustración da portada: Edouard Manet.
41. Xavier Rodríguez Baixeras (antólogo), *Trece poetas cataláns* (1995). Ilustración da portada: Pedro Muíño. Edición bilingüe galego-catalán.
42. Xosé Lois García, *Rosto incompleto* (1995). Ilustración da portada: Claude Mellan.
43. Xosé Leira López, *Canto custa instalarse no amor* (1996). Ilustración da portada: Carmen Chacón. Limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín e epílogo de Fermín Bouza Álvarez.
44. Antonio R. López, *Om* (1996). Ilustración da portada: A. R. López.
45. Helena de Carlos, *Alta casa* (1996). Ilustración da portada: Berta Cáccamo.
46. Pilar Pallarés, *Livro das devoracións* (1996). Ilustración da portada: Anxos Romeo. Limiar de Luciano Rodríguez.
47. Xosé Vázquez Pintor, *Rotación violeta* (1996). Ilustración da portada: Lito.
48. Luz Pozo Garza, *Vida secreta de Rosalía* (1996). Ilustración da portada: Berta Cáccamo.
49. Lino Braxe, *Entre ruínas* (1996). Ilustración da portada: Manuel Facal.

50. Xosé Alexandre Crieiro, *A seña da no puño* (1996). Ilustración da portada: Antón Patiño. Limiar de Xosé Manuel Beiras.
51. Cristina Cabada, *Sombra acesa*, (1996). Ilustración da portada: Ana Pillado Vega. IV Premio Espiral Maior de Poesía.
52. Anxos Romeo, *A estatua* (1996). Ilustración da portada: Anxel Huete. Limiar de Xosé Luís Méndez Ferrín.
53. Eusebio Lorenzo Baleirón, *Gramática do silencio* (1996). Edición de Paulino Vázquez e Manuel Lourenzo Baleirón. Ilustración da portada: Fidel Vidal.
54. *De mar e vento, cinco poetas de Fisterra* (1997). Ilustración da portada: David Creus. Limiar de Rafa Villar.
55. X. C. Gómez Alfaro, *Alba plena do alén* (1997). Ilustración da portada: Anxos Romeo.
56. Xosé Carlos Caneiro, *A valga do triste amor*, (1997) Ilustración da portada: Xosé Rivada. I Premio Xohán Carballeira.
57. Paul Eluard, *Capital da dor* (1997). Ilustración da portada: Chus Ferrín. Edición bilingüe galego-francés con limiar e tradución de Laurence Brault e Helena González.
58. Pura Vázquez, *Desmemoriado río* (1997). Ilustración da portada: Maika Fernández. Limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo.
59. François Davó, *O inmóbil impaciente* (1997). Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez. Edición bilingüe galego-francés con tradución de María Dulce Fernández Graña.
60. José Devesa, *Aquela luz* (1997). Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez.
61. Emma Couceiro, *Humidosas* (1997). Ilustración da portada: Yolanda Castaño. Limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo. V Premio Espiral Maior de Poesía.
62. Manuel Álvarez Torneiro, *Habitante único* (1997). Ilustración da portada: Felipe Criado.
63. Xosé María Álvarez Cáccamo, *Calendario perpetuo* (1997). Ilustración da portada e debuxos interiores: Anxos Romeo. Limiar de Arturo Casas.
64. Bernardino Graña, *Luz de novembro* (1997). Ilustración da portada: Pereiro.
65. Cristal Méndez Queizán, *Amizade con Mowgli* (1997). Ilustración da portada: Pedro Muíño. Limiar de Manuel Forcadela.

66. Yolanda Castaño, *Delicia* (1998). Ilustración da portada: Sandra Gómez Vázquez. Limiar de Teresa Seara.
67. Manuel Vidal Villaverde, *A sombra do inimigo* (1998). Ilustración da portada: Santiago Montes.
68. Isolda Santiago, *Berce das estampas* (1998). Ilustración da portada: Mar García.
69. Fiz Vergara Vilariño, *Animal sen fel* (1998). Ilustración da portada: tecido tintado da Costa do Marfil. Limiar de Xulio L. Valcárcel.
70. Fernando Díaz Castroverde, *Camiño de pínegas* (1998). Ilustración da portada: Cristo Aleister. Limiar de Xulio López Valcárcel. I Premio Concello de Carral.
71. *Labirintos de identidade (mostra de poesía latina nos EEUU)* (1998). Edición de Consuelo García devesa (bilingüe inglés-galego). Ilustración da portada: deseño tradicional de Colima (México).
72. Domingo Tabuyo, *Balsaín blues* (1998). Ilustración da portada e deseños interiores: Xurxo Alonso. Limiar de Ramón Caride Ogando.
73. Carlos Penela, *As linhages do frío* (1998). Ilustración da portada: Leonardo da Vinci.
- VI Premio Espiral Maior de Poesía.
74. Cesáreo Sánchez Iglesias, *Evadne* (1998). Ilustración da portada: Lena Lemos. Limiar de Luz Pozo Garza.
75. José Viale Moutinho, *Areias onde gregos se perdem* (1998). Fotografía da portada: María Esteirán.
76. Miguel González Garcés, *Poesía galega* (1998). Edición de Xulio López Valcárcel. Ilustración da portada: Urbano Lugrís.
77. Giacomo Leopardi, *Cantos* (1998). Ilustración da portada: Manuscrito de Giacomo Leopardi. Edición bilingüe galego-italiano con traducción e selección de Suso Pensado.
78. Antón Lopo, *Pronomes* (1998). Ilustración da portada: A & A Inc.
79. Ana Romaní, *Arden* (1998). Ilustración da portada: A&A Inc.
80. Yolanda Castaño, *Vivimos no ciclo das erofanías* (1998). Ilustración da portada: Cristo Aleister. Limiar de Olga Novo. II Premio Xohán Carballeira.
81. Alfonso Álvarez Cáccamo, *Na flor do vento* (1999). Ilustración da portada: Berta Cáccamo. Limiar de Carlos L. Bernárdez.

82. X. Francisco Fernández Naval, *Días de cera* (1999). Ilustración da portada: X. Luís de Dios.

83. *Razões de fogo, versos fabricados (sonetos portugueses dos séculos XVI, XVII e XVIII)* (1999). Edición de Carlos Paulo Martínez Pereiro. Ilustración da portada: Soneto acróstico e anagramático “Ao Senhor Conde de Vilaflor” do Padre João de Castro (1720).

84. Xosé Carlos Caneiro, *Aínda soñas con piratas?* (1999). Ilustración da portada: Daniel Beiras.

85. María do Carme Kruckenberg, *Poemas sen resposta* (1999). Ilustración da portada: Marisa Visedo.

86. Helena Villar Janeiro, *Álbum de fotos* (1999). Fotografía da portada da praia de Santa Cristina (Arquivo Espiral Maior).

87. Medos Romero, *Ámome en por min* (1999). Ilustración da portada: Álvaro Fernández Polo.

88. Xavier Seoane, *Don do horizonte (Obra poética 1976-1998)* (1999). Ilustración da portada: Alberto Datas.

89. Emma Pedreira Lombardía, *Diario bautismal dunha anarquista morta* (1999). Ilustración Portada: Ana Pillado Vega. III Premio Johán Carballeira.

90. Rafael Lema, *Atlántida* (1999). Ilustración da portada: Din Matamoro. II Premio Concello de Carral.

91. Mario J. Herrero Valerio, *No limiar do silêncio* (1999). Ilustración da portada: Eduardo Casal. Limiar de Celso Álvarez Cáccamo. VII Premio Espiral Maior de Poesía.

92. *Poesía irlandesa contemporánea* (1999). Edición bilingüe galego-inglés de Antonio Raúl de Toro Santos. Traducción de Antonio Raúl de Toro Santos, David Clark e Emilio Ínsua González. Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez.

93. José Manuel Teixeira, *O mosto e as fragas* (2000). Ilustración da portada: Perfecto Estévez. XVIII Premio Cidade de Ourense.

94. Henrique Rabuñal, *O tempo demorado nos marmelos* (2000). Ilustración da portada: Ruth Varela.

95. Eliseo Alonso, *A fronteira comunicante* (2000). Ilustración da portada: Silvia Argüello.

96. Teresa López, *Sementeira de ronseis* (2000). Ilustración da portada: Cándido Sánchez Mazas.

97. Rafa Villar, *Días de Sherazade* (2000). Ilustración da portada: Silvia Neira. III Premio Concello de Carral.

98. Vicente Araguas, *Río matinal* (2000). Ilustración da portada: Ruth Varela.

99. Maite Dono, *O mar vertical* (2000). Ilustración da portada: Xosé Bibián. Limiar de Ana Romaní.

100. Manuel Forcadela, *Morte do fadista* (2000). Ilustración da portada: María de Felipe.

VIII Premio Espiral Maior.

101. Adolfo Caamaño, *Poemario irlandés* (2000). Ilustración da portada e interiores: Manuel Busto. Limiar de Xosé Miranda. IV Premio Xohán Carballeira.

102. Xosé Vázquez Pintor, *Banzados* (2001). Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez.

I Premio Uxío Novoneyra.

103. Marica Campo, *Pedinche luz prestada* (2001). Ilustración de portada e interiores: Eva Lloréns. Limiar de Pilar Pallarés. I Premio Fiz Vergara Vilariño.

104. Manuel Forcadela, *Refutación da musa* (2001). Ilustración de portada e interiores: Lois Corvera.

105. Juan Abeleira, *Animais, animais* (2001). Ilustración de portada: Cuadrúpedos en Kloftefoss (Noruega).

106. Emma Pedreira Lombardía, *Velenarias* (2001). Ilustración de portada: Fidel Vidal. V Premio Xohán Carballeira

107. Lois Diéguez, *Ónfalos* (2001). Ilustración de portada e interiores: Xesús Otero. Limiar de María Pilar García Negro.

108. Josep María Llompart, *Antoloxía poética* (2001). Ilustración da portada: Fidel Vidal. Selección de Encarnació Viñas e Cèlia Riba. Introducció de Cèlia Riba e traducció de Xavier Rodríguez Baixeras. Edición bilingüe galego-catalán.

109. Pere Rosselló Bover, *Vinte poetas das Balears* (2001). Ilustración da portada: P. A. Estévez. Edición bilingüe galego-catalán con traducción de Xavier Rodríguez Baixeras.

110. Lucía Novas, *Epiderme de estío* (2001). Ilustración da portada: Din Matamoro. Limiar de Miguel Anxo Fernán-Vello. Premio Concello de Carral.

111. Xabier Paz, *Sedimentos* (2001). Ilustración da portada: Marisa Maicas. Limiar de Xosé María Álvarez Cáccamo.
112. Xavier Rodríguez Baixeras, *Eclipse* (2001). Ilustración da portada: Rafael Baixeras.
113. Charo Pita, *Desde Arcadia para Govinda* (2001). Ilustración Portada: Chelo Sanjurjo. Premio Espiral Maior de Poesía.
114. Blai Bonet, *Antoloxía poética* (2001). Ilustración da portada: Santiago Caneda. Edición de Margalida Pons e traducción de Xavier Rodríguez Baixeras. Edición bilingüe galego-catalán.
115. Marià Villangómez, *Un voo de paxaros* (2001). Ilustración da portada: P. A. Estévez. Selección e introducción de Isidor Marí e traducción de Xavier Rodríguez Baixeras. Edición bilingüe galego-catalán.

COLECCIÓN NARRATIVA

1. Lois Diéguez, *Tres sombras góticas e unha rosa* (1995). Debuxo da portada: Perfecto Estévez.
2. Carlos Mella, *Luces de Fisterra* (1995). Deseño da cuberta: P. A. Estévez.
3. Ramón Caride, *Fendas no tempo* (1995). Fotografía da portada: C. Goux.
4. Manuel Riveiro Loureiro, *A volta de Castelao* (1995). Non se especifica o deseño da portada.
5. Xosé María Álvarez Cáccamo, *A luz dos desnortados* (1996). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
6. Tucho Calvo, *Telúrico* (1996). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
7. Xesús Manuel Marcos, *En terra perigosa* (1996). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
8. Antón Riveiro Coello, *Parque central e outros relatos* (1996). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
9. Xavier Frías Conde, *As esperanzas de Abu el-Hol* (1997). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
10. Antón Castro, *Vida e morte das baleas* (1997). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.

11. Antón Riveiro Coello, *A historia de Chicho Antela* (1997). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
12. Madame de Genlis, *Inés de Castro* (1998). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez. Traducción de François Davó e Dulce María Fernández Graña.
13. Alfonso Eiré, *Amigos sempre* (1998). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
14. Breogán Riveiro, *O vendedor de mazás* (1998). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez. I Premio de Narrativa Fantástica Cidade da Coruña.
15. Henrique Rabuñal, *A fariña das horas* (1998). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
16. Belén Feliú, *Da Guenizah* (1998). Maquetación da cuberta: Perfecto A. Estévez.
17. Ramón Chao, *O camiño de Prisciliano* (1999). Ilustración da portada: Miquel Barceló.
18. Xosé Carlos Caneiro, *Os séculos da lúa* (1999). Ilustración da portada: Isaac Díaz Pardo.
19. Xosé Luís Martínez Pereiro, *Breviario de calamidades* (1999). Ilustración da portada: Xosé Luís Martínez Pereiro.
20. Xulio López Valcárcel, *Campo de Marte* (1999). Ilustración da portada: Xurxo Alonso.
21. Francisco A. Vidal, *O cuarto dos ausentes* (1999). Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez. Premio Concello de Vilalba 1997.
22. Xosé Carlos Caneiro, *Talvez melancolía* (1999). Ilustración da portada: Xosé Lois Carrera.
23. Xavier Seoane, *Ábrelle a porta ao mar* (2000). Ilustración da portada: Urbano Lugrís.
24. Xosé Luís Martínez Pereiro, *Medición definitiva do limbo* (2000). Ilustración Portada: Xosé Luís Martínez Pereiro. II premio de Narrativa Fantástica Cidade da Coruña.
25. Afonso Eiré, *Eu tamén fun coas vacas* (2000). Ilustración da portada: Ana Pillado Vega.
26. Euloxio R. Ruibal, *Casarriba* (2000). Ilustración da portada: Xulio García Rivas.
27. Manuel Veiga, *Biografías de malogrados* (2001). Ilustración da portada: Georg Grosz.

28. L.C. Carballal, *Historias non irreais* (2001). Ilustración da portada: Fidel Vidal.
29. Francisco Calo Lourido, *Salseiros* (2001). Ilustración da portada: P. A. Estévez.
30. Xosé Fernández Ferreiro, *O último paraíso* (2001). Ilustración da portada: Georg Grosz.

COLECCIÓN ENSAIO

1. Carlos Mella, *A falacia do economicismo* (1994).
2. Ignacio Castro, *Alén da fenda (Por unha filosofía do absoluto sensible)* (1994).
3. María Xosé Queizán, *Escrita da certeza (Por un feminismo optimista)* (1995).
4. Manuel Facal, *Notas sobre estética e arte popular* (1995).
5. X. Manuel Domínguez Prieto, *Sobre a alegría (Ensaio de antropoloxía metafísica)* (1995).
6. X. Antón Castro, *As mazás de Yoko Ono (Introducción á arte desde 1980 ata hoxe)* (1995).
7. Luz Pozo Garza, *Ondas do mar de Vigo (Erotismo e conciencia mítica nas cantigas de amigo)* (1996).
8. Vicenç Llorca, *O entusiasmo reflexivo (Metáfora e sentido na fin de século)* (1996). Traducción de Miguel Anxo Fernán-Vello.
9. Xosé María Durán, *A obra pictórica de Xosé Lodeiro (Un ensaio de aproximación estética)* (1997).
10. Carlos Paulo Martínez Pereiro, *Hospital das letras (In(ter)vencións e ensaios literarios)* (1997).
11. Carlos Laíño Lorenzo, *Eduardo Blanco Amor "Morte do Mi Padre"* (1997).
12. Luís Martínez-Risco Daviña, *Arredor da historia de Galicia (Ensaos sobre o seu ensino e o nacionalismo)* (1997).
13. Victorino Pérez Prieto, *Do teu verdor cinguido (Ecoloxismo e cristianismo)* (1997).
14. Xulio Calviño, *Uxío Novoneyra e os motivos de Circe* (1998).
15. X. Manuel Domínguez Prieto: *Alén da Libido (Do sexo á sexuidade)* (1998). I Premio Espiral Maior de Ensaio.

16. Miguel A. Mato Fondo, *A escrita da terra (Configuración do espacio natural na literatura galega)* (1998). I Premio Espiral Maior de Ensaio.
17. Carlos Paulo Martínez Pereiro, *A indócil liberdade de nomear (Por volta da “interpretatio nominis” na literatura trovadoresca)* (1999). II Premio Espiral Maior de Ensaio.
18. Xosé Chao Rego, *O sexo, a muller e o crego* (2000)
19. Elisardo López Varela, *Unha casa para a lingua (A Real Academia Galega baixo a presidencia de Manuel Murguía (1905-1923))* (2001).

COLECCIÓN ILLA VERDE

1. James Joyce, *Giacomo Joyce* (1994). Edición bilingüe galego-inglés con traducción de Elvira Souto.
2. Maximino Cacheiro Varela, *Memorial de exilio* (1994).
3. Manuel Vidal Villaverde, *Luceiros fuxidíos* (1994).
4. Miguel Sande, *A palabra soterrada* (1994).
5. Xosé María Álvarez Cáccamo, *Colección de espellos* (1994).
6. Miguel Anxo Fernán-Vello, *Poemas da lenta nudez* (1994).
7. Manuel María, *Poemas para dicirlle a dúas lagoas* (1994).
8. Ramón Caride Ogando, *Cerne das labaredas* (1994).
9. Francis Jammes, *Catorce oracións* (1994). Edición bilingüe galego-francés con traducción de Xulia Rodríguez Guntiñas. Limiar de Manuel María. O libro péchase co poema “Hasparren” de Manuel María.
10. Carlos L. Bernárdez, *A emoción da terra* (1994).
11. Xosé Pablo Bayo, *Tempo de chover* (1994).
12. Paul Valéry, *O cemiterio mariño* (1994). Edición bilingüe galego-francés en traducción de Antón Avilés de Taramancos. Inclúe versión manuscrita das traducións.
13. Ramón Dachs, *Cima branca* (1995).
14. Rainer María Rilke, *Elexías de Duino* (1995). Edición bilingüe galego-alemán con traducción de Jaime Santoro.
15. Rafa Villar, *A sotavento dunha singradura* (1995).

16. Pura Vázquez, *Orballa en tempo lento* (1995).
17. Emilio Xosé Ínsua, *Devalar das esperas* (1995).
18. Celso Álvarez Cáccamo, *Os distantes* (1995).
19. Fran Alonso, *Tortillas para os obreiros* (1996).
20. Ricardo Beiras, *Idolatría* (1996).
21. Edward Fitzgerald, *As Rubáiyát de Omar Khayyán* (1996). Edición bilingüe galego-inglés. Prólogo de Antonio R. de Toro Santos. Introducción e traducción de Plácido R. Castro.
22. Antom Fortes Torres, *Figuras masculinas de meio-corpo* (1997)
23. Manuel María, *Sonetos á casa de Hortas* (1997).
24. Rainer Maria Rilke, *Cartas a un poeta novo* (1997). Traducción Jaime Santoro de Membiela.
25. Miro Villar, *Abecedario da desolación* (1997). Premio Tívoli Europa 1998.
26. Manuel Darriba, *Calor* (1997).
27. Novalis, *Himnos á noite* (1997). Edición bilingüe galego-alemán con traducción e edición de Jaime Santoro de Membiela.
28. Anxo Pastor, *Sombra fértil* (1999). Ilustración da portada: Anxo Pastor.
29. X. C. Gómez Alfaro, *Ofertorio de solpores* (1999). Ilustración da portada: P. A. Estévez.
30. Lino Braxe, *A caricia da serpe* (1999). Ilustración da portada: Viatura paleográfica galego-portuguesa medieval.
31. Xosé Abeal, *Herba do tempo* (2000). Ilustración da portada: Labirinto da Abadía de San Bertín sobre debuxo de E. Wallet (1834).
32. Carlos López, *Espello sen fondo* (2000). Ilustración da portada: David Pintor Noguerol.
33. Manuel Pereira Valcárcel, *Rosa íntima* (2000). Ilustración da portada: Rosa francesa século XVI.

COLECCIÓN ALBA LONGA

1. Manuel María, *O Miño canle de luz e néboa* (1996). Ilustración da portada: Perfecto Estévez.
2. Lois Pereiro, *Poemas para unha loia* (1997). Ilustración da portada: Perfecto Estévez. Limiar de Manuel Rivas, xustificación de Manuel María e edición de Xosé Manuel Pereiro.
3. Miguel Anxo, *Poemas da lenta nudez* (1997). Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez. Limiar de Teresa Seara.
4. Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé María Álvarez Blázquez, *E miraremo-las ondas!* (1998). Ilustración da portada: Detalle do Pergamiño Vindel. Textos dos poetas medievais establecidos por Carlos Paulo Martínez Pereiro.
5. Xosé María Álvarez Cáccamo, *Os cadernos da ira* (1999). Ilustración da portada: Luís Seoane. Limiar de X. L. Méndez Ferrín.
6. Yolanda Castaño, *Edénica* (2000). Ilustración da portada: María Álvarez. Inclúe un CD con versión dos poemas de Yolanda Castaño.
7. Moncho Borrajo, *Fixen camiños* (2000). Ilustración da portada: Moncho Borrajo. Limiar de Lino Braxe.
8. Paula de Lemos/ Marga do Val, *Entre dunas* (2000). Ilustración de portada: Christoph Maisenbacher. Limiar de Giovanni Casertano.
9. Rosa Méndez Fonte, *Poemas anobelados no tempo* (2000). Ilustración de portada e interiores: M. Patinha. Limiar de Uxío Novoneyra Rei.
10. Medos Romero, *O peso da derrota* (2000). Ilustración de portada e interiores: Elena López Vicens. Limiar de Ramón Loureiro.

COLECCIÓN AULIGA

1. Casimiro de Brito, *Opus affettuoso* (2000). Edición bilingüe portugués-castelán. Ilustración da portada: Ruth Varela. Limiar de Antonio Domínguez Rey e traducción de Montserrat Gibert.
2. Eusebio Lorenzo Baleirón, *Antología poética* (2000). Edición bilingüe galego-castelán. Ilustración da portada: Perfecto A. Estévez. Selección, traducción e introducción de Anxeles Penas.
3. Antón Avilés de Taramancos, *Cantos caucanos* (2000). Edición bilingüe galego-castelán.

Ilustración de portada: P. A. Estévez. Traducción e prólogo de Ánxeles Penas.

4. José Ángel Valente, *Poemas* (2001). Edición bilingüe castelán-portugués. Ilustración da portada: P. A. Estévez. Traducción e selección de José Bento.

COLECCIÓN DIDÁCTICA

1. Xulio Cuba, Luís Seoane, *A forma da patria* (1994).

2. Xosé Luís Axeitos, *Rafael Dieste. Ollar o mundo con sede adiviñadora* (1995).

3. Felipe Senén e Carlos Díaz Martínez, *Xesús Ferro Couselo. A búsqueda da identidade e o encontro cos devanceiros* (1996).

4. Henrique Rabuñal Corgo (Coord.), *Manuel Murguía e Arteixo* (2000). Textos de Leonor Alonso Otero, Antonio Díaz Otero, Eva Feijóo Palleiro, Alúa García Álvarez, Fátima García Veira, Sechu González Sendé, Manuela López Formoso, Olga Meana González, María Xesús Méndez Rama, Rebeca de Miguel Sánchez, Leticia Miranda Lodeiros, Paula Miranda Lodeiros, Agustín Pérez Mosquera, Henrique Rabuñal Corgo, Luz Rivas Troiteiro, Eloi Rodríguez Rodríguez, Alexandre Sánchez Amado, Inmaculada Varela Varela, María Vázquez Sánchez e Carlos Villar Gómez.

COLECCIÓN IMAXES NO TEMPO

1. Xan Fraga Rodríguez, *Carballo 1900-1979: crónica fotográfica* (1996). Texto en castelán, francés e inglés.

2. Xan Fraga Rodríguez, *A Coruña-Sada-Carballo (1903-1979: Tranvías e trolebuses)* (1997).

3. Cándido Díaz Mosquera, *Carral (1910-1983): crónica fotográfica* (1999).

4. Xan Fraga Rodríguez, *Pontevedra-Vigo (Tranvías e trolebuses, 1889-1989)* (2000).

5. Xan Fraga Rodríguez e Héctor M. Pose, *Malpica de Bergantiños. Crónica do século XX en imaxes* (2001). Soleira de Manuel María.

COLECCIÓN VISUAL

1. *Manuel Facal: Pintura e collage* (1997). Edición de Carlos Díaz Martínez. Textos de X. Antón Castro, Xavier Seoane e Alberto González-Alegre en formato bilingüe galego-inglés.

2. Lino Braxe, *Poemas obxecto e visuais* (1999). Limiar de Xavier Seoane.
3. Isaac Díaz Pardo, *Obra cartelística (1939-1999)* (2000). Coordinadora da edición Rosa Méndez Fonte. Inclúe artigos de Xesús Alonso Montero, Xosé Luís Axeitos, Fermín Bouza, Xan López Domínguez, Euloxio R. Ruibal e María Ruído.

COLECCIÓN HISTORIA E DOCUMENTOS

1. Carlos Díaz Martínez / Ramón Muñiz, *Fouce -Etapas de clandestinidade 1973-1977* (1995). Edición facsimilar.
2. Carlos Penela, *Os galegos anarquistas na Arxentina* (1996). Prólogo de Manuel Mera.
3. Carlos Díaz Martínez (ed.), *A semente do 72, a forza da nosa clase. Vintecinco anos do dez de marzo (1972-1977)* (1997). Inclúe poemas de Uxío Novoneyra, Xohán Esteiro López (Manuel María) e Daniel Méndez (Darío Xohán Cabana).

COLECCIÓN NOVO PRELO

1. Carlos Mella, *Coa palleta distraída* (1994).

FÓRA DE COLECCIÓN

1. Miguel Anxo Fernán-Vello e Carlos Pereira Martínez (ed.), *Homenaxe a Eduardo Blanco Amor 1998* (1998). Deseño da cuberta: Perfecto A. Estévez. Fotografías interiores de Carlos Laíño Lorenzo. Limiar de Celestino Poza Domínguez. Inclúe textos e deseños de Francisco Fernández del Riego, Carlos Laíño Lorenzo, Manuel María, Neira Vilas, Luís Pérez Rodríguez, María Xosé Queizán, Claudio Rodríguez Fer, Perfecto A. Estévez, Alfredo Erias, Xaquín Marín, Manuel Romero, Siro, Xosé María Álvarez Cáccamo, Bernardino Graña, Henrique Rabuñal, Román Raña, Xulio Valcárcel, Antón Riveiro Coello, Xavier Rodríguez Baixeras e Xavier Seoane.
2. Francisco Pillado Mayor/ Miguel Anxo Fernán-Vello, *A nación incesante (Conversas con Xosé Manuel Beiras)* (2000).

ÓPERA OMNIA

1. Manuel María, *Obra poética completa* (2001). Premio da Crítica de Galicia 2002 e Premio Irmandade do Libro ó Mellor Libro Editado en 2001.

EDICIÓNS ESPECIAIS

-Alfonso (Daniel) R.(odríguez) Castelao, *Alba de gloria* (1992). Texto tomado da primeira publicación desta conferencia realizada polas Edicións Galicia (Centro Galego de Buenos Aires) en 1952. Limiar de Manuel María. Augafortes de Manuel Facal.

-San Martiño de Braga, *De correctione rusticorum* (1997). Texto bilingüe en latín e galego con traducción de Xosé Eduardo López Pereira. Serigrafías de Correa Corredoira.

-Xosé María Álvarez Cáccamo e Xosé María Álvarez Blázquez, *E miraremo-las ondas!* (1998).

-Olga Novo e Juan Abeleira, *Magnalia* (2001). Litografías e augafortes de Alexandra Domínguez.

EDICIÓNS NON VENAIS

-Seamus Heaney, *Poemas* (2000). Edición conmemorativa do nomeamento do poeta como Doutor Honoris Causa pola Universidade da Coruña. Os textos proceden da antoloxía *Poesía irlandesa contemporánea* (1999) de Antonio Raúl de Toro Santos (volume número 92 da colección "Poesía") . Versión bilingüe inglés-galego dos poemas a cargo de Antonio Raúl de Toro Santos, David Clark e Emilio Ínsua González.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso, Fran

1998 "A poesía na industria editorial galega", *Dorna* 24: 67-80.

Álvarez Cáccamo, Xosé María

2000 "O estilo en espiral de Miguel Anxo Fernán-Vello", *O Correo Galego*, Supl. "Revista das letras" 338 (2-11-2000): 5.

Angueira, Anxo

1994 "Dante Alighieri: *Vida Nova*", *A trabe de ouro* 19: 147-49.

Anónimo

1991a "Espiral Maior: nova editorial galega adicada exclusivamente á lírica", *El Correo Gallego* 2-7-1991: 59.

1991b "Espiral Maior inicia su andadura con un libro de poemas de María Xosé Queizán", *La Voz de Galicia*, Supl. "Cultura" (4-7-1991): VII.

2000 "O vértice da espiral", *O Correo Galego*, Supl. "Revista das letras" 338 (2-11-2000): 2-3.

Araguas, Vicente

1992a "A Espiral a forma máis pura do movemento", *El Correo Gallego*, Supl. "Revista das Letras" 14 (3-3-1992): 21.

1992b "Reivindicación del hombre-orquesta", *Leer* 55: 58-59.

1993 "Espiral consolidada", *El Correo Gallego*, Supl. "Revista das Letras" 26 (4-3-1993): 24.

2001 "¿Están así as cousas?", *O Correo Galego*, Supl. "Revista das Letras" 375 (12-7-2001): 6.

Bernárdez, Carlos L.

2001 "Fermosamente escéptico", *Guía dos Libros Novos* 27: 26.

Cabrera, María Dolores

1993 *Editar en Galicia* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia).

C.A.M. e C.V.G.

1995“ Carlos Díaz Martínez: ‘Queremos hacer algo original’”, *La Voz de Galicia* 24-3-1995: 36 (ed. Bergantiños).

Carballa, Xan

1996“O retraso nas axudas á edición fixo descender a edición do libro galego en 1995”, *A Nosa Terra* 711 (1-2-1996): 21.

E.C.

1996“Unha explosión de narradores para a fin do milenio”, *O Correo Galego*, Supl. “Quince anos de autonomía” (25-7-1996): 22.

Estévez, Eduardo

1995“ Miguel Anxo Fernán Vello: ‘O poeta débese adaptar á historia’”, *O Correo Galego* 20-8-1995: 53.

Fernán-Vello, Miguel Anxo

1993“Nota do editor”, en *Val de Lemos* (A Coruña: Espiral Maior): 7.

2001“Nota do editor”, en Manuel María, *Obra poética completa* (A Coruña: Espiral Maior), vol. I: 7-8.

Forcadela, Manuel

1989“Os premios Leliadoura”, *A Nosa Terra* 374 (9-2-1989):17.

Freixanes, Víctor

1999“1978-1988: La infraestructura de las letras”, *Ínsula* 629: 4-7.

García, Rodri

1999“Espiral Maior renóvase e edita unha colección de teatro”, *La Voz de Galicia* 5-6-1999: 34 (ed. A Coruña).

González Fernández, Helena

1998“Repensar, fatigándose, desde a desorde actual”, *Grial* 140: 651-65.

González-Millán, Xoán

2001“Producción, clasificación e comercialización da literatura. Os catálogos de Edicións Xerais de Galicia”, *Anuario de Estudios Literarios Galegos 2000* (Vigo: Galaxia): 11-41.

Lema, Carlos

1998“Poesía e mundo editorial”, *Dorna* 24: 81-84.

Michelena, Soledad

1993“Espiral Maior”, *La Voz de Galicia*, Supl. “Galicia” (9-10-1993): 3.

Nicolás, Ramón

1995“[Miguel Anxo Fernán Vello:] ‘É mentira que a poesía non se venda’”, *Faro de Vigo*, Supl. “Faro das Letras” CIV (18-11-1995): 2.

Peña Sánchez de Rivera, Paloma (Dir.)

1996*Panorámica de la edición española de libros 1995* (Madrid: Ministerio de Cultura).

Porteiro, María Xosé

1995“ Miguel Anxo Fernán-Vello: ‘Neste fin de século hai necesidade de poesía’”, *La Voz de Galicia*, Supl. “Cultura” 30 (21-9-1995): 5.

Requejo Gómez, Ofelia

1999 *Informe sobre a producción editorial en Galicia* (Santiago de Compostela: Lea).

Rodríguez, Luciano

2002 *Horizontes poéticos* (Vigo: Xerais).

Roig Rechou, Blanca-Ana (Coord.)

1996 *Informe de literatura 1995* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro").

1999 *Informe de literatura 1998* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia-Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias "Ramón Piñeiro").

Romero, Marga

1998 "Poetizar o mundo como muller", *Grial* 140: 691-716.

Sande, Miguel

1995 "Radiografía das letras galegas", *La Voz de Galicia*, Supl. "Cultura" 12 (18-5-1995): 2-3.

Sotelo Blanco, Olegario

1990 "Un país algo rariño", *A Nosa Terra* 453 (15-11-1990): 22-23.

1992 "En resposta a Miro Villar", *A Nosa Terra* 508 (6-2-1992): 16.

Tristán, Pancho e Franco, Camilo

2001 "Excéntricos de nós", *Tempos Novos* 45: 54-57.

Valcárcel, Marcos

2001“Prensa cultural e literaria, editoriais e institucións culturais desde 1939”, en *Galicia. Literatura*. Vol. XXXIV, *A literatura desde 1936 ata hoxe: narrativa e traducción*, Coord. Darío Villanueva e Anxo Tarrío (A Coruña: Hércules de Ediciones): 504-51.

Verdugo Matê, Rosa María

1998 *A indúustria editorial em Galiza (1973-1996)* (Santiago de Compostela: Laiovento).

Vidal, Carme

1999“ Miguel Anxo Fernán-Vello: ‘A poesía é un antídoto contra a obscenidade do poder’”, *A Nosa Terra* 869 (11-2-1999): 32-33.

Vilavedra, Dolores; Ogando, Iolanda e Cid, Xabier

1997“Literatura: crónica para o tempo de inverno”, *Tempos Novos* 7: 58-65.

Villalaín, Damián

1997“Editoriales: un esplendor aparente”, *Quimera* 158-159: 60-62.

Villar, Miro

1992a“Carta ao editor Olegario Sotelo Blanco”, *A Nosa Terra* 506 (23-1-1992): 17.

1992b“Os criterios interesados das editoriais galegas”, *A Nosa Terra* 509 (13-2-1992): 17-18.

1998a“Dúas novas entregas da colección Letras de Cal”, *Grial* 137: 140-44.

1998b“A poesía galega na fin do segundo milenio (1975-1998)”, en *Actas das I Xornadas das letras Galegas en Lisboa* (Santiago de Compostela: Xunta de Galicia): 213-28.

X. C.

1991“Espiral Maior, unha editorial para a poesía”, *A Nosa Terra* 484 (4-7-1991): 17.

NOTAS

Anuario de Estudios Literarios Galegos, 10, 2001, pp. 91-133.

ⁱ Así afirma que “Su nombre, sugerente y galáctico, enlaza con el simbolismo castreño gallego” (Michelena 1993: 3).

ⁱⁱ “Con una media de mil ejemplares por título, las obras de Espiral Maior tienen una distribución selectiva en las librerías especializadas de Madrid y Barcelona *Visor* y *Laie*, respectivamente” (Michelena 1993: 3).

ⁱⁱⁱ A este respecto véxase o catálogo de obras que figura no Apéndice 1.

^{iv} Así, por exemplo, as fotografías de Federico García Cabezón intégranse no último poemario de Uxío Novoneyra, *Poemas da doada certeza* (1994), co título de “Elexía por un soto”; as imaxes de Siña Fernández ilustran a cuberta e o interior de *Himno verde* (1992) de Bernardino Graña; María Esteirán demostra todo o seu saber na portada da obra de Viale Moutinho: *Areias onde gregos se perdem* (1998) e as estampas de época de Ramón Caamaño aportan unha información esencial na *Antoloxía Poética* que, da obra de Gonzalo López Abente, elaborou Miro Villar en 1995.

^v Segundo os datos que figuran na *Panorámica de la edición española de libros 1995*, dos 1148 libros que se publicaron nese ano en Galicia, só 287 son de literatura e, destes, 56 (46 poemarios, catro obras de narrativa, catro ensaios, un libro da colección Didáctica e outro de Historia e Documentos) saíron co selo de Espiral Maior. Así, a editorial representa o 4'9% dos ISBN solicitados polas editoras galegas nese período pero dándose o paradoxo de que por riba dela se sitúan empresas como Galaxia que, con só 39 libros publicados, representaría o 3'7% da produción real galega. Isto explícase porque Galaxia supera á editora coruñesa en número de ISBN tramitados (Peña Sánchez de Rivera, 1996: 125).

^{vi} A este respecto, Fernán-Vello declara que “Sabemos que estamos nun país que non está normalizado na súa realidade cultural e entón a edición dun libro en galego que non estea nos circuítos do ensino e da publicidade, é un risco que se corre pero é un servicio que se fai ao que alguén chamou “construcción civil” dun país e dunha cultura que é obra de todos, dos editores e do pobo. Pouco a pouco creo que se irá consolidando esta opción de normalizar o país a través do mundo do libro. Problemas hai moitos” (Nicolás 1995: 2).

^{vii} Os doce títulos que forman o fondo de Xistral serán recollido por Espiral Maior no volume *Val de Lemos* (1993) que fai o número quince da colección “Poesía”.

^{viii} Se ben case ningún dos selos históricos de maior relevancia se dedicou exclusivamente a editar poesía, podemos rastrexar neles a presenza deste xénero. Así, os versos dos autores fundamentais do Rexurdimento acharon acubillo na Biblioteca Gallega de Martínez Salazar e, a comezos do século XX, Lar e Nós poñerán os medios para continuar con este labor, se ben o seu catálogo de poemarios non acadara moitos títulos. Na posguerra atopamos xa a primeira colección creada para editar só poesía, trátase de Benito Soto (obra de Sabino Torres, Emilio Álvarez Negreira e Manuel Cuña Novás) que dá ó prelo unicamente nove libros en galego entre os catorce que compoñen o seu fondo editorial. Por volta de 1961, Galaxia crea

a colección “Salnés” reservada só á lírica. A segunda xeira de Xistral, dirixida por Manuel María no período que vai de 1968 a 1975, deixaranos os doce poemarios que forman a colección Val de Lemos. Xa nos últimos anos do século, iranse desenvolvendo outras iniciativas a prol da poesía como as coleccións “Pondal” -que Galaxia crea para editar antoloxías-, “Area Maior” de Edición do Cerne, “Ventobranco” de Xerais ou “Leliadoura” de Sotelo Blanco, a máis importante e a que maior número de obras (38) tiña no seu catálogo ata que Espiral Maior comezou a traballar.

^{ix} Nestes anos as grandes editoriais a penas prestaban atención á poesía esgrimindo argumentos de escaseza de demanda no mercado. Malia todo, Galaxia tiña aberta a colección “Dombate”, de frecuencia irregular e moi efémera. Neste sentido, é relevante que Vicente Araguas, falando dos tres primeiros volumes editados por Espiral Maior afirme que “intelixente e sensible é Miguel Anxo Fernán Vello, director de Espiral Maior e home xeneroso e afoutado. ¿Que outros calificativos merece un editor de poesía nos tempos que corren? Agora que a lírica semella máis ca nunca reducida a un **ghetto** do que as editoriais **comme il faut** fuxen como o demo da cruz, xestos atal o de Fernán-Vello reconfortan” (Araguas 1992a: 21, negriñas no orixinal).

^x Sirvan como exemplo desta polémica as cartas cruzadas na sección “Aldea global” do semanario *A Nosa Terra* entre Miro Villar (1992a: 17 e 1992b: 17-18) e Olegario Sotelo Blanco (1992: 16).

^{xi} Durante os doce anos que logrou sobrevivir -de 1988 a 1997-, a colección Leliadoura deu ó prelo 38 volumes que se inician con *O varredor en outono* de Manuel Forcadela, primeiro galardoado co Premio Leliadoura de Poesía, e rematan con *Momentum* de Arturo Casas. Así resumía Sotelo Blanco o curriculum da colección: “‘Leliadoura’ ... presenta o seguinte *curriculum*: perto de trinta volumes editados (ou sexa, uns seis por ano), cunha tiraxe constante de mil exemplares por título (o dobre no caso dos premios anuais); deles, média ducia hai tempo esgotados, outra decena a piques de chegar á mesma situación, e nengun -nen sequer os máis novos- con máis de 300/400 exemplares no armacén ... mantén o seu premio anual, mantén tamén unha *ratio* precio/calidade material perfectamente competitiva coas edicións de poesía en castellano -e, así mesmo, en galego-; difúndese regularmente alén das nosas fronteiras, chegando aos núcleos dos estudosos e expertos do xénero (quen unha e outra vez nos felicitan polo proxecto, a súa realización e os seus pasos até o de hoxe), e -segundo estritamente a planificación primeira- cos seus trinta títulos está xa ‘madura’ para a súa proxección a outros ámbitos e outras línguas” (Sotelo Blanco 1990: 22).

^{xii} Así o explicaba Fernán-Vello nunha entrevista cando se lle pregunta “-¿Como participa nunha editorial con estas características a cuestión económica, a rendibilidade dos títulos?

^{xiii} Esta circunstancia é desbotada por Jesús García Sánchez, director de Visor, cando sinala que “editar poesía non é negocio, pero tampouco hai que ser un filántropo ou un mecenas para facelo”, palabras recollidas por Fran Alonso (Alonso 1998: 79).

^{xiv} Sen embargo, esta vinculación ideolóxica podería resultar prexudicial por unha serie de factores que enumeran Pancho Tristán e Camilo Franco:

^{xv} Por exemplo, Sotelo Blanco afirma “que a poesía galega non é hoxe -en xeral- o que era hai ben pouco tempo; que baixou a súa calidade, que semella haber confusión nos criadores, falta de maduración nos seus poemas, excesivo afán pola publicación ‘como sexa’; que, ademais, son moitos os que fuxen en bandada do seu xénero literario e

pasan á narrativa -con mediocres resultados, tamén polo xeral-; e que..., en lóxica consecuencia, os lectores de poesía, 'escaldados', 'retráense', mercan menos poemarios e -pola forza dos feitos, e coma os demais lectores- tamén menos narrativa" (Sotelo Blanco 1990: 22). E González-Millán sostén que o peche en 1989, por parte de Edicións Xerais, da colección "Ventobranco" despois de catorce títulos "é explicable polo baixo éxito comercial da colección na que ningún dos títulos pasa da primeira edición" (González-Millán 2001: 30).

^{xvi} Contradicíndose a respecto das declaracións recollidas na nota anterior, Sotelo Blanco acaba recoñecendo que "planeada coma unha aportación á normalización da cultura galega, a publicación de poesía certamente non é moi rendábel -e que xénero literario, na situación actual do mundo editorial galego, é 'moi rendábel'?... fóra quizá do 'libro de texto' para o ensino-, pero nós (polo menos até o de agora) *non perdemos cartos* editándoa" (Sotelo Blanco, 1990: 22, cursiva no orixinal). As palabras de Miro Villar reafirman esta tese cando di que "na época das vangardas (¿ulas?) os escasos libros de poemas que se vendían eran adquiridos por patriotismo, mentres que na actualidade a poesía é un produto máis no mercado cultural e xa existen coleccións de poesía que non perden cartos e manteñen unha constante actividade. Sen irmos máis lonxe, non é unha *boutade* sinalar que o selo Espiral Maior xa publicou máis libros de poemas que tódolos proxectos editoriais da época Nós" (Villar 1998b: 224-25). E Fran Alonso, responsable da colección "Ablativo Absoluto" de Xerais, afirma que "a edición de poesía non morreu nin con esta fin de século estresante e apresurada, nin co cine, nin coas novas linguaxes audiovisuais, e en Galicia, como en Europa, en xeral, conserva, por fortuna, un público minoritario pero incondicional que se lle entrega e permite a existencia dunha industria editorial tan específica como arriscada que en moitos casos navega a mercé da corrente" (Alonso 1998: 67).

^{xvii} Neste sentido, Xan Carballa recolle o decálogo de problemas que afectan ó libro galego elaborado pola Asociación Galega de Editores e fala da falta de recoñecemento das editoriais como empresas culturais, os baixos índices de lectura, o lento e contradictorio proceso de normalización lingüística, a ausencia de bibliotecas, os altos custes de investimento en relación co mercado, a forte competencia do libro en castelán, unha deficiente rede de librerías e a ausencia de promoción na prensa como factores a superar (Carballa 1996: 21).

^{xviii} Fernán-Vello declara que "-A intención orixinal era crear un grupo de subscritores limitado, un máximo de cen, que reciben os libros asinados polo autor, cunha numeración de bibliófilo, en edición 'princeps', contra-reembolso, en fin, cunha serie de vantaxes non só económicas. O subscritor é unha persoa que participa do proxecto, colabora con el e tamén se beneficia" (Estévez 1995: 53).

^{xix} En realidade non se trata, estrictamente, dun *cadáver exquisito* senón dun poema que se vai completando cos versos de distintos autores. O primeiro foi Manuel María quen, por volta de 2000, inicia o texto coa expresión "A vida non é recta: ¡é espiral!", a este seguen Xosé María Álvarez Cáccamo ("maré que se derrama en ondas cegas"), Cesáreo Sánchez Iglesias ("leve concavidade onde bebe o silencio"), Miguel Anxo Fernán-Vello ("antes de se irradiar o albor primeiro.") e Manuel Álvarez Torneiro (quen comeza a segunda estrofa co verso: "Certeza de semente en desmesura"). Os versos, reproducidos polos poetas de puño e letra, envíanse ós subscritores acompañando cada nova tiraxe de obras que sae da editorial e teñen gravado o seu número de subscritor. Está previsto asemade que leven ilustracións e conformen, pouco a pouco, un libro único e orixinal.

^{xx} Para máis detalles sobre este particular, véxase o catálogo de publicacións que figura como Apéndice 1 deste artigo.

^{xxi} Aínda que esta publicación saíu do prelo levando, unicamente, o selo das Producións Culturais Artesa non deixa de formar parte do catálogo de Espiral Maior por canto, no díptico editado con tal motivo e onde figuran todas as características da carpeta, aparece como obra da editorial e a ela se remite ós interesados en mercala: ben o cartafol completo, ben as probas de autor que fixera Facal dos gravados.

NOTAS

ESTATÍSTICAS (DO 95 ó 99 tomadas dos Informes de Literatura dese ano)

1995

Xénero	Libros	Tanto por cento
Narrativa	47	50
Poesía	41	43
Teatro	7	7
Ensaio		
Traducións		

Crítica en revistas 20% e xornais 23%. Total 22%
Non hai especificada a produción por selos editoriais

1996

Xénero	Libros	Tanto por cento
Narrativa	63	16
Poesía	71	18
Teatro	14	4
Ensaio	134	33
Traducións	89	23

Crítica en revistas sobre poesía o 11% e en xornais o 24%. En total 19%
Producións (gráfica de 0 a 20)
Case 20 Asociacións/Colectivos
Case 16 Espiral Maior
Case 8 Foráneas
e 8 e pico Xerais

1997

Xénero	Libros	Tanto por cento
Narrativa	74 (cálculo meu)	
Poesía		
Teatro		
Ensaio		
Traduccións		

Crítica en revistas o 26% e en xornais o 31%. Total 28%
 Produción (0 a 20) Espiral Maior case 20, logo Asociacións/Colectivos e Foráneas

1998

Xénero	Libros	Tanto por cento
Narrativa	51	12
Poesía	83	20
Teatro		
Ensaio	63	63
Traduccións		

Crítica en revistas o 24% e en xornais o 23%. Total 24%
 Produción (de 0 a 14)
 Espiral Maior 14, Logo Asociacións/Colectivos, Concellos, Edicións de Autor e Xerais

1999

Xénero	Libros	Tanto por cento
Narrativa	57	12
Poesía	63	13
Lit infantil	148	31
Ensaio	62	13
Traduccións		

Crítica en revistas 21% e xornais 30%. Total 21%
 Producións (0-16)
 Espiral Maior entre 14-16
 Asociacións/Colectivos 12
 Xerais + 10
 O Castro + 8

Panorámica de la edición española de libros 1988, Ministerio de Cultura, Serie: Análisis Sectorial del Libro, 3, Madrid, maio 1989

Edición de libros en galego (número de libros para os que se solicitou o ISBN)

1982- 218
1983- 273
1984- 258
1985- 295
1986- 309
1987- 354
1988- 481

No 88 a edición en galego tivo un incremento a respecto do 87 do 35'9%.
Índices de variación da edición:

1985/84: 14'3%
1986/85: 4'7%
1987/86: 14'6%
1988/87: 35'9%

Panorámica de la edición española de libros 1989, Ministerio de Cultura, Serie: Análisis Sectorial del Libro, 5, Madrid, maio 1990

No 89 publicáronse en galego 489 libros o que representa o 11'18% do total do estado (castelán, catalán e euskera). O incremento a respecto do ano anterior foi do 1'6%

Panorámica de la edición española de libros 1990, Ministerio de Cultura, Serie: Análisis Sectorial del Libro, 6, Madrid, 1991

No 90 publícanse 577 libros (un 1'37% do total) e o incremento a respecto do ano anterior foi do 18'0%

Panorámica de la edición española de libros 1991, Ministerio de Cultura, Serie: Análisis Sectorial del Libro, 7, Madrid, 1992

Publicados no 91 597 libros (un 1'37% do total) e deuse un incremento a respecto do ano anterior do 3'5%.

Por provincias A Coruña edita 481 títulos no 91, 369 no 90 e isto produce unhas variacións do 30'4% no segmento 91/92 e do 15'6% no 89/90.

Panorámica de la edición española de libros 1992. Libros en gallego Ministerio de Cultura, Director técnico: José Manuel Galán Pérez, Madrid, 1993

Libros de literatura para os que se solicitou o ISBN no 92 son 201 e totais son 902 (un 1'78% do total) e isto representa un incremento do 51'1% no 92/91.

Ranking da edición en galego do 91 (p. 71) neste ranking Espiral Maior aparece como a editorial número 43 cun total de 2 libros editados e o 0'33% do total. No ranking do 92 (p. 72) xa subiu ó 35 con 4 libros editados e un 0'44% do total.

Panorámica de la edición española de libros 1993, Coordinador: Álvaro Martínez-NOvillo González, Ministerio de Cultura, Madrid, 1994

Editáronse 1058 títulos (2'14% do total) cun incremento do 17'3% no período 93/92

Panorámica de la edición española de libros 1994, Directora: Paloma Peña Sánchez de Rivera, Ministerio de Cultura, Madrid, 1995

Editados 933 libros (un 1'86% do total) e a variación interanual no período 93/94 foi negativa do -11'8%

A variación dos ISBN solicitados para libros de literatura foi

1991-155

1992-201

1993-178

1994-175

Espiral no aparece no ranking dos 25 principais editores do 94.

Panorámica de la edición española de libros 1995, Directora: Paloma Peña Sánchez de Rivera, Ministerio de Cultura, Madrid, 1996

Publicados 1148 libros dos que 287 son de literatura. Na táboa dos 25 principais editores (p. 125) galegos Espiral aparece no número 6 con 56 ISBN inscritos (4'9% do total) e con 56 libros editados (5'3% do total).

SOTELO BLANCO, Olegario, "Un país algo rariño", *A Nosa Terra*, 453, 15-11-1990, pp. 22-23.

Artigo resposta ás palabras de Alfredo Conde publicadas no "Dietario" ("Rarezas", *La Voz de Galicia*, 19-19-90, p. 33). Tras descalificalo como fonte fidedigna pasa a rebater as palabras que o tachan de empresario escuro, mal editor e de non saber o que di e retrucan que este é un "país algo rariño". O artigo de Conde está motivado polo fallo do Leliadoura do que Conde di non saber se é un premio importante ou non pois di que o premio é importante en función de quen o convoca, a cuantía económica ou o xurado (segundo as palabras textuais que recolle Sotelo). Conde dá por súas as declaracións de Basilio Losada sobre a pouca (polo que se deduce da ironía de Sotelo) calidade do premiado, a escasa venta dos poemarios, etc.

Sotelo deféndese repetindo o que dixo:

"que a poesía galega non é hoxe -en xeral- o que era hai ben pouco tempo; que baixou a súa calidade, que semella haber confusión nos criadores, falta de maduración nos seus poemas, excesivo afán pola publicacións "como sexa"; que, ademais, son moitos os que fuxen en bandada do seu xénero literario e pasan á narrativa -con mediocres resultados, tamén polo xeral-; e que..., en lóxica consecución, os lectores de poesía, "escaldados", "retráense", mercan menos poemarios e -pola forza dos feitos, e coma os demais lectores- tamén menos narrativa." (p. 22)

Tras recordar o momento editorial en castelán para a poesía (tiradas mínimas, recelos editoriais, escasa distribución...) di que:

"«Leliadoura», non obstante, presenta o seguinte *curriculum*: perto de trinta volumes editados (ou sexa, uns seis por ano), cunha tiraxe constante de mil exemplares por título (o dobre no caso dos premios anuais); deles, media ducia hai tempo esgotados, outra decena a piques de chegar á mesma situación, e nengun -nen sequer os máis novos- con máis de 300/400 exemplares no armacén. Que tal? Máis: do mesmo modo que mantén o seu premio anual, mantén tamén unha *ratio* precio/calidade material perfectamente competitiva coas edicións de poesía en castellano -e, así mesmo, en galego-; difúndese regularmente alén das nosas fronteiras, chegando aos núcleos dos estudosos e expertos do xénero (quen unha e outra vez nos felicitan polo proxecto, a súa realización e os seus pasos até o de hoxe), e -seguindo estritamente a planificación primeira- cos seus trinta títulos está xa "madura" para a súa proxección a outros ámbitos e outras linguas.

Pero é que non todo acaba en "Leliadoura". Sotelo Blanco Edicións *traballa* máis pola poesía galega: publica de cando en vez volumes "singulares" -especial deseño, ilustracións, tapa dura, coidadísima edición...- con superior tiraxe e boa

comercialización (...); ten a colección "Vento que Zoa" -antoloxias e escolmas de autor ou de xénero- (...); inclúe na súa colección universitária -"Estudos e Investigacións"- abundantes obras do xénero (...), e... en fin, todas as nosas coleccións (...) presentan moitas e boas mostras da poesía dos nosos clásicos e dos autores actuais." (p. 22)

Redunda no grande labor que están facendo enumerando unha serie de factores que non favorecen isto: non teñen subvencións das Administracións (agás no caso do Concello de Santiago que permitiu dobrar a contía do Leliadoura 89), a Xunta non lle merca as obras por cuestións normativas.

"planeada coma unha aportación á normalización da cultura galega, a publicación de poesía certamente non é moi rendábel -e que xénero literario, na situación actual do mundo editorial galego, é "moi rendábel"?... fóra quizá do "libro de texto" para o ensino-, pero nós (polo menos até o de agora) *non perdemos cartos* editándoa." (p. 22).

Remata dicindo que o exabrupto de Conde (cando o tacha de negocios escuros, cousa que el rebate destapando a medias certas actuacións indebidas do Conde) nace dun artigo que publicou na Trabe (1, 1990, pp. 97-101) no que Conde non queda ben.

TRISTÁN, Pancho e FRANCO, Camilo, "Excéntricos de nós", *Tempos Novos*, 45, febreiro 2001, p. 54-57

Analiza os problemas da industria editorial galega. Di que en 1999 o catalán deu ó prelo 7.000 títulos (máis os 543 en valenciano), o euskera 1.333 e o galego o mesmo número o que implica unha porcentaxe moi pequena a respecto do número de falantes que ten.

As editoriais concentran o esforzo nas novidades pois de aí lles veñen os ingresos e por iso o marketing ten tanta importancia (aquí estamos en desvantaxe pois resulta máis importante o labor de promoción dos Planeta que dos premios Xerais dada a potencia das editoriais).

"a estreita identificación entre autores e autoras e o propio sistema. Nas literaturas máis desenvolvidas -dende o punto de vista mercantil- un escritor é un escritor. E punto. En Galicia, e quitados os casos dos máis lidos, a palabra "escritor" leva asociada unha serie de matices extraliterarios que quizais axuden máis ben pouco á consolidación do sistema.